# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 36019426 | IES Coruxo | Vigo | 2022/2023 |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|
| Bacharelato | Economía | 1º Bac. | 4 | 140 |

**Contido** | **Páxina**


| Contido | Páxina |
|---|---|
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 6 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 15 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 15 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 16 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 16 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 17 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 18 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 18 |
| 7.2. Actividades complementarias | 19 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 20 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 21 |
| 9. Outros apartados | 22 |

## 1. Introdución

Na materia de Economía de 1º Bacharelato, materia da modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais, trátase de aproximar ó alumnado ao coñecemento da economía de maneira introdutoria, para entender a sociedade na que vive, espertar o seu interese e promover iniciativas dirixidas a actuar sobre a propia realidade, tras unha análise crítica desta, e tomar de maneira razoada e responsable as súas propias decisións, con repercusión económica e financeira tanto no ámbito individual coma colectivo, para que lles sirva de base non só a aqueles alumnos e alumnas que decidan estudar posteriormente esta disciplina, senón tamén aos que orienten o seu itinerario académico noutra dirección e desexen adquirir unha cultura económica xeral necesaria para participar dunha forma activa no desenvolvemento dos retos da economía actual.

Neste sentido, trátrase de adaptar ó currículo a realidade do Centro, que se ubica na periferia de Vigo e acude principalmente o alumnado do barrio urbano de Navia e de áreas rurubanas da zona oeste do municipio vigués. O Instituto conta con dous grupos de Bacharelato; unha parte do alumnadod e cada grupo o Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais, onde todo o alumnado cursa a materia de Economía.

O alumnado do Bacharelato procede principalmente do propio Instituto e de centros concertados cercanos, polo que neste primeiro curso configúrase un grupo de nova creación con alumnado procedente de diferentes sitios, coñecementos, motivacións e actitudes.

O alumnado parte de diferentes niveis de coñecementos previos e ten diferentes motivacións e intereses. Neste sentido atopamos alumnado coa expectativa de facer un ciclo formativo superior ou grado universitario vencellado ós contidos desta materia e outro alumnado que non ten claro o seu futuro. Menos da metade do alumnado cursou en 4º ESO Economía e hai un alumno repetidor de 1º Bach desta modalidade.

Tódlos obxectivos, contidos e criterios de avaliación baséanse no currículo do Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia,e adáptanse o contexto anteriormente descritos.

Por outra banda, a metodoloxía ten en conta as orientacións pedagóxicas establecidad no currículo. Neste sentido, a través través dunha metodoloxía activa, tanto expositiva como indagatoria trátase de alcanzar os obxectivos e. acadar as competencias establecidas no currículo. Ademáis prográmanse unha serie de actividades co fin de facer máis motivador o proceso de aprendizaxe, conectando os contidos vistos na aula coa realidade económica.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX1 - Valorar o problema da escaseza e a importancia de adoptar decisións no ámbito económico, analizando a súa repercusión nos distintos sectores e comparando solucións alternativas que ofrecen os diferentes sistemas para comprender o funcionamento da realidade económica. | 1-2 | | 1-2 | | 40-50 | | 1-2 | |
| OBX2 - Recoñecer e comprender o funcionamento do mercado, analizando os seus fallos, para estudar a repercusión destes na contorna e facilitar a toma de decisións no ámbito económico. | 2-3 | | 1-2 | | 40 | 3 | 1-2 | |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX3 - Distinguir e valorar o papel dos distintos axentes económicos que interveñen no fluxo circular da renda recoñecendo, con sentido crítico, os beneficios e os custos que xera, para determinar como se produce o desenvolvemento económico e a súa relación co benestar da sociedade. | 2-3 | | | | 40-50 | 3-4 | 1-2 | |
| OBX4 - Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro valorando os seus efectos sobre a economía real e analizando os elementos que interveñen nas decisións financeiras relacionadas co investimento, o aforro, os produtos financeiros e a procura de fontes de financiamento para planificar e xestionar con responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas. | 2-3 | | | 4 | 12-40-50 | | 1-2 | |
| OBX5 - Identificar e valorar os retos e os desafíos aos que se enfronta a economía actual, analizando o impacto da globalización económica, a nova economía e a revolución dixital para propor iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sostibilidade. | 2-3 | | 4 | 5 | 12-40-50 | | 1 | |
| OBX6 - Analizar os problemas económicos actuais mediante o estudo de casos, a investigación e a experimentación, utilizando ferramentas da análise económica e tendo en conta os factores que condicionan as decisións dos axentes económicos, para facilitar a comprensión deses problemas e expor solucións innovadoras e sostibles que respondan a necesidades individuais e colectivas. | 1-2-3 | | 2 | 1 | 50 | 3-4 | 1-2-3 | |

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | A escasez e a necesidade de elexir. Os modelos económicos. | Partindo do concepto de escasez, identifícanse os principais recursos e bens económicos escasos, fronte as necesidades que son ilimitadas, o que implica a necesidade de elexir utilizando diferentes criterios de elección, analizando os custes de dita elección e tratando da búsqueda da eficiencia. Todos estos aspectos se poden modelizar a través do modelo da FPP como representación máis sinxela dunha economía. | 7 | 10 | X | | |
| 2 | Os problemas económicos, os axentes económicos e os sistemas económicos | Identificar cales son os principais problemas económicos e coñecer e comprender os principais axentes económicos e o seu funcionamiento en | 7 | 10 | X | | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2 | Os problemas económicos, os axentes económicos e os sistemas económicos | distintos sistemas económicos. | 7 | 10 | X | | |
| 3 | Racionalidad económica e toma de decisións financeiras | Comprender o concepto de racionalidade na toma de decisións, incluindo aspectos como a teoría de xogos, risco e incerteza.<br><br>Planificar e tomar decisións financeiras a partires do coñecemento do ecosistema finceiro actual. | 8 | 12 | X | | |
| 4 | Oferta, demanda e mercado | A partir da identificación dos principais elementos dun mercado (oferta, demanda, perzos e cantidades) e a través do estudo do funcionamiento dos mercados de oferta e demanda, comprender e poder describir diferentes situacións de mercado actuais | 8 | 12 | X | | |
| 5 | Fallos de mercado. Elasticidade. | Nesta unidade veremos os diferentes fallos de mercado, especialmente os fallos en situacións de competencia imperfecta como os monopolios, oligopolios e a competencia monopolística. Nunha segunda parte da unidade se verá o concepto de elasticidade e se vinulará ós diferentes tipos de mercado. | 6 | 8 | X | | |
| 6 | A relación entre os principais indicadores económicos | Descripción dos principales indicadores económicos, especialmente o PIB e o seu crecemento. Neste sentido identificarase as relacións entre os axentes económicos a través do fluxo circular da renda e se comprenderá a evolución do PIB a través do modelo de oferta agregada e demanda agregada, identificando os factores de crecemento económico.<br><br>Ademáis estudarase a relación do PIB con outros indicadores, como son a inflación, a taxa de desemprego e a distribución da renda, identificando aqueles factores que poidan xerar un desenvolvemento sostible | 8 | 12 | | X | |
| 7 | O mercado de traballo | Análise das principais variables do mercado de traballo como son a poboación activa, a taxa de actividade ou a taxa de desemprego, estudando as principais causas de desemprego e propondo alternativas para reducilo, prestando especial atención as novas dinámicas e tendencias no mercado de traballo. | 8 | 12 | | X | |
| 8 | O sistema financeiro | Visión global do sistema financeiro, o seu funcionamento e os seus efectos sobre o investimento, analizando a súa evolución duramte os últimos anos.<br><br>Tamén estudarase o diñeiro e a súa tipoloxía | 8 | 12 | | X | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 8 | O sistema financeiro | do diñeiro, comprendendo o proceso de creación do diñeiro. | 8 | 12 | | X | |
| 9 | O contexto global da economía | Neste tema estudarase o comercio internacional e os seus factores, identificando aqueles instrumentos e asociacións que permitiron un comercio internacional máis intenso axudando ó proceso globalizador | 8 | 12 | | X | |
| 10 | A intervención do estado na economía | Nesta unidade veremos a xustificación do Estado na economía e describiremos brevemente as diferentes políticas económicas que ten ó seu alcance. Previamente verase a diferencia entre economía positiva e normativa. | 6 | 6 | | | X |
| 11 | A política fiscal e monetaria | Nesta unidade veremos en detalle os diferentes instrumentos de política fiscal e monetaria para garantir o crecemento e o estado do benestar das sociedades | 14 | 20 | | | X |
| 12 | Os retos da economía española | Nesta unidade farase unha relación dos contidos vistos coa situación económica actual da economíka española | 12 | 14 | | | X |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | A escasez e a necesidade de elexir. Os modelos económicos. | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.2 - Comprender o problema da escaseza, identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste. | Concepto economía. Recursos escasos. BB e SS escasos. Necesidades ilimitadas. Contido económico dads relaciones sociais. | PE | 100 |
| CA1.3 - Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva analizando o impacto que teñen na sociedade. | Toma de decisións según distintos criterios.Custe de oportunidade. Modelo FPP. Eficiencia e ineficiencia | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - A economía, as necesidades, os bens e a escaseza. O contido económico das relacións sociais. Pobreza e escaseza. A modelización como ferramenta para entender as interaccións económicas.<br>- O proceso de toma de decisións económicas. A racionalidade. O custo de oportunidade. Os custos irrecuperables. A análise marxinal. Os incentivos e as expectativas. Teoría de xogos. A eficiencia. Risco e incerteza.<br>- Métodos para a análise da realidade económica: o método científico, a modelización e experimentos ou ensaios económicos. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 2 | Os problemas económicos, os axentes económicos e os sistemas económicos | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Comprender a realidade económica actual, analizando a repercusión das decisións adoptadas no ámbito económico, valorando os procesos de integración económica e establecendo comparacións sobre as solucións alternativas que ofrecen os distintos sistemas. | Os problemas económicos e as súas solucións a través dos sistemas económicos | PE | 80 |
| CA1.4 - Analizar con espírito crítico os fallos do mercado, avaliando as súas consecuencias e reflexionando sobre as súas posibles solucións segundo os diferentes sistemas económicos. | Os sistemas económicos: sistema de economía de mercado, planificada e mixta | | |
| CA1.6 - Comprender a organización dos axentes económicos no fluxo da renda establecendo relacións entre eles e determinando a súa repercusión no desenvolvemento económico e benestar social. | Os exantes económicos e a súa relación entre eles | | |
| CA1.5 - Coñecer como se produce o desenvolvemento económico, o benestar social e a redución da pobreza valorando, con sentido crítico, o papel dos distintos axentes económicos que interveñen no fluxo circular da renda. | Identifica como se resolven os distintos problemas económicos a través dun caso práctico | TI | 20 |
| CA1.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía. | Identifica como se resolven os distintos problemas económicos a través dun caso práctico | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - A economía, as necesidades, os bens e a escaseza. O contido económico das relacións sociais. Pobreza e escaseza. A modelización como ferramenta para entender as interaccións económicas.<br>- A organización económica e os sistemas económicos; valoración e comparación. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 3 | Racionalidad económica e toma de decisións financeiras | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.7 - Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro valorando os seus efectos sobre a economía real e analizando os elementos que interveñen nas decisións financeiras relacionadas co investimento, co aforro, cos produtos financeiros e coa procura de fontes de financiamento, para planificar e xestionar con maior responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas. | Coñecer o diñeiro, o seu funcionamento e as súas formas.<br>Comprender os conceptos de teoría de xogos e da economía do comportamento na toma de decisións e na planificacvión | PE | 50 |
| CA1.9 - Adquirir coñecementos financeiros a partir da análise do sistema financeiro, do seu funcionamento e dos efectos que se derivan das decisións adoptadas nel e establecendo conexións entre estas aprendizaxes e as súas decisións financeiras persoais que afectan a súa vida cotiá. | Comprender o papel dos bancos na economía e funcionamento dos produtos financeiros, valorando riscos e beneficios e os aspectos éticos na toma de decisións. | | |
| CA1.8 - Planificar e xestionar con responsabilidade e progresiva autonomía as finanzas persoais e adoptar decisións fundamentadas a partir do coñecemento e da comprensión do sistema financeiro valorando os elementos que interveñen nas decisións financeiras e os efectos que estes poden provocar na economía real. | Planificacar e xestionar as decisións financeiras como o investimento, o aforro e o consumo a través dun caso práctico, | TI | 50 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - O proceso de toma de decisións económicas. A racionalidade. O custo de oportunidade. Os custos irrecuperables. A análise marxinal. Os incentivos e as expectativas. Teoría de xogos. A eficiencia. Risco e incerteza.<br>- Planificación e xestión das decisións financeiras: o investimento, o aforro e o consumo. Diñeiro e transaccións. Funcións do diñeiro e formas do diñeiro. Risco e beneficio. O papel dos bancos na economía. Funcionamento dos produtos financeiros como préstamos, hipotecas e os seus substitutos. Os seguros.<br>- Teoría de xogos. O dilema do prisioneiro. Xogos repetidos e equilibrios cooperativos.<br>- Economía do comportamento. Desviacións da racionalidade económica. Decisións económicas e ética. Experimentos ou ensaios económicos. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 4 | Oferta, demanda e mercado | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.2 - Entender o funcionamento do mercado e a natureza das transaccións que teñen lugar nel, analizando elementos como a oferta, a demanda, os prezos, os tipos de mercado e os axentes implicados e reflexionado sobre a súa importancia como fonte de mellora económica e social. | Comprensión do funcionamento do mercado a través da análise de distintos casos de mercado | PE | 76 |
| CA2.1 - Valorar a repercusión dos fallos do mercado no eido microeconómico e facilitar o proceso de toma de decisións neste ámbito, recoñecendo e comprendendo o seu funcionamento. | Elaboración de casos prácticos de situacións de mercado | TI | 24 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Intercambio e mercado. Tipos e funcionamento dos mercados. Representación gráfica. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 5 | Fallos de mercado. Elasticidade. | 8 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.1 - Valorar a repercusión dos fallos do mercado no eido microeconómico e facilitar o proceso de toma de decisións neste ámbito, recoñecendo e comprendendo o seu funcionamento. | Análise das diferentes situacións de mercado de competencia imperfecta como son os monopolios, os oligopolios e a competencia monopolística fronte a competencia perfecta. | PE | 100 |
| CA2.3 - Analizar con espírito crítico os fallos do mercado, avaliando as súas consecuencias e reflexionando sobre as súas posibles solucións. | Identificar os fallos de mercado e relacionalos coa elasticidade. Aportar solucións a ditos fallos | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - A elasticidade. Os fallos de mercado. A análise custo-beneficio. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 6 | A relación entre os principais indicadores económicos | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.1 - Analizar o problema da asignación de recursos na satisfacción das necesidades, tanto individuais como colectivas -a escaseza-, identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste. | Identificar as principais causas do crecemento económico a través do modelo de oferta e demanda agregada e posibles estratexias de crecemento económico. | PE | 75 |
| CA3.3 - Coñecer como se produce o desenvolvemento económico e o benestar social valorando, con sentido crítico, o papel dos distintos axentes económicos que interveñen no fluxo circular da renda. | Describir o papel dos diferentes axentes económicos a través do fluxo circular da renda e como dita xeración de renda contribúe a un desenvolvemento sostible, analizando indicadores relacionados. | | |
| CA3.4 - Diferenciar os custos e os beneficios xerados no fluxo circular da renda para cada un dos axentes económicos determinando a súa repercusión no desenvolvemento económico e benestar social. | Analizar o papel dos tres axentes económicos (familias, empresas e Estado) no desenvolvemento económico e social | TI | 25 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - A macroeconomía. Os axentes económicos e o fluxo circular da renda. A demanda agregada, a oferta agregada e o seu funcionamento.<br>- Crecemento económico e desenvolvemento. Os factores do crecemento. A distribución da renda: relación entre eficiencia e equidade. Indicadores do desenvolvemento social. Benestar e calidade de vida. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 7 | O mercado de traballo | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.2 - Entender o funcionamento do mercado laboral e a natureza das transaccións que teñen lugar nel, analizando os axentes implicados e reflexionado sobre a súa importancia como fonte de mellora económica e social. | Analizar a evolución do mercado de traballo, especialmente en Galicia e España, analizando identificando as causas do desemprego e posibles estratexias para reducilo. | PE | 100 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Economía laboral. O funcionamento e as tendencias dos mercados de traballo e o impacto dos custos de despedimento. Tipos de desemprego. Efectos e medidas correctoras. A brecha salarial. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 8 | O sistema financeiro | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.5 - Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro e a súa evolución na era dixital, analizando as novas tendencias tecnolóxicas que supoñen unha disrupción no sector financeiro, para planificar e xestionar con maior responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas. | Comprender e describir o sistema financeiro e a súa evolución dixital dos últimos anos, valorando críticamente a irrupción de certos activos como as NFT ou criptomonedas | PE | 50 |
| CA3.7 - Adquirir coñecementos financeiros a partir da análise do sistema financeiro, do seu funcionamento, da súa evolución e dos efectos que se derivan das decisións adoptadas nel e establecendo conexións entre estas aprendizaxes e as súas decisións financeiras persoais que afectan a súa vida cotiá. | Demostrar coñecementos dos principais activos financeiros, realizando unha análise crítica dos mesmos. | | |
| CA3.6 - Planificar e xestionar con responsabilidade e progresiva autonomía as finanzas persoais e adoptar decisións fundamentadas a partir do coñecemento e da comprensión do sistema financeiro e a súa evolución na era dixital valorando os elementos que interveñen nas decisións financeiras e os efectos que estes poden provocar na economía real. | Xestionar axeitadamente unha carteira diversificada | TI | 50 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - O sistema financeiro, o seu funcionamento e os seus efectos. Evolución do panorama financeiro. O diñeiro. Tipoloxía do diñeiro e o seu proceso de creación. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 9 | O contexto global da economía | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.9 - Comprender os retos económicos actuais en materia de comercio internacional e procesos de integración económica, analizando de forma crítica e construtiva os efectos económicos-sociais a partir da análise de casos reais e fomentando iniciativas que respondan ás necesidades que supoñen estes retos. | Manexar axeitadamente as ferramentas do comercio internacional como a balanza de pagamentos e coñecer e valorar críticamente os principais procesos de integración económica, especialmente a UE. | PE | 90 |
| CA3.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas tanto no marco das relacións nacionais coma internacionais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía | Manexar axeitadamente as ferramentas do comercio internacional como a balanza de pagamentos e coñecer e valorar críticamente os principais procesos de integración económica, especialmente a UE. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.8 - Identificar os retos e os desafíos dunha economía global propondo iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sostibilidade e analizando, con sentido crítico, o impacto que provoca a globalización, a nova economía e a revolución dixital no benestar económico e social dos cidadáns. | Realizar unha valoración dos principais retos da globalización actual | TI | 10 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - O comercio internacional, os procesos de integración económica e os seus efectos. Proteccionismo e libre comercio. A unión europea e monetaria. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 10 | A intervención do estado na economía | 6 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA4.1 - Comprender a realidade económica actual analizando a repercusión das decisións adoptadas pola intervención do Estado en materia de política económica e establecendo comparacións sobre as solucións alternativas que ofrecen os distintos sistemas. | Describir a xustificación do Estado na economía, identificando as diferentes políticas económicas e diferenciando entre economía positiva e normativa | PE | 100 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Economía positiva e economía normativa. A intervención do Estado e a súa xustificación. A política económica e os seus efectos. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 11 | A política fiscal e monetaria | 20 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA4.2 - Comprender o problema básico da economía da escaseza de recursos para garantir o estado do benestar e analizar as diferentes alternativas de financiamento e os seus efectos no conxunto da sociedade. | Identificar, comprender e describir os principais ingresos do estado (especialmente impostos), para garantir os gastos que permitan manter a sustentabilidade do estado de benestar, comprendendo o significado dos principais indicadores (déficit e deuda pública) que valoran a súa sustentabilidade | PE | 90 |
| CA4.3 - Diferenciar os custos e os beneficios que xera para cada un dos axentes económicos no fluxo da renda establecendo relacións entre eles e determinando a súa repercusión no estado do benestar e no seu financiamento. | Recoñecer os principais efectos derivados da política fiscal do Estado nos diferents axentes económicos, en especial dos impostos e do estado de benestar e o seu financiamento. | | |
| CA4.4 - Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro, da política monetaria e da estabilidade de prezos valorando os seus efectos sobre a economía real e analizando os elementos que interveñen nas decisións financeiras, como o tipo de xuro, a inflación, o aforro, os produtos financeiros e a procura de fontes de financiamento, para planificar e xestionar con maior responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas. | Comprender o funcionamiento do mercado monetario e financeiro e as súas consecuencias sobre a inflación e o crecemento económico. | | |
| CA4.5 - Adquirir coñecementos financeiros a partir da análise do sistema financeiro e da política monetaria e establecendo conexións entre estas aprendizaxes e as súas decisións financeiras persoais que afectan a súa vida cotiá. | Identificar os principais instrumentos de política monetaria e os principais activos financeiros e establecer conexións coa inlaciín e o crecemento económico dos mesmos. | | |
| CA4.6 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas propias do estado do benestar investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía. | Analizar e expor a realidade económica dun área a través da análise da implementación das distintas políticas fiscais e monetarias | TI | 10 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - A política fiscal. O estado do benestar e o seu financiamento. O principio de solidariedade e os impostos. O déficit público, a débeda pública e os seus efectos. A economía mergullada.<br>- A política monetaria e a estabilidade de prezos. Funcionamento do mercado monetario. A inflación: teorías explicativas. Efecto das políticas monetarias sobre a inflación, o crecemento e o benestar. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 12 | Os retos da economía española | 14 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA5.1 - Comprender a realidade económica actual analizando as oportunidades e os riscos dos procesos de integración económica entre países e da globalización e a súa repercusión na redución das desigualdades. | Relacionar a realidade económica actual cos procesos de integración económica, valorando as vantaxes e inconvintes deste proceso e identificar as súas consecuencias sobre a distribución da renda e desigualdades | PE | 55 |
| CA5.3 - Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva analizando o impacto que teñen nos retos económicos actuais. | Coñecer e describir os procesos que interveñen na toma de decisións e identificar impactos sobre decisións adoptadas | PE | 55 |
| CA5.5 - Diferenciar os custos e os beneficios que xera para cada un dos axentes económicos no fluxo da renda establecendo relacións entre eles e determinando a súa repercusión no desenvolvemento económico e no benestar social. | Identificar os custes e os beneficios que xeran os axentes económicos, distinguindo beneficios de custes e relacionándoos axeitadamente entre eles e co desenvolvemento económico e social | PE | 55 |
| CA5.2 - Analizar a escaseza de recursos e a pobreza para comprender os fluxos migratorios identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste. | Identificar e comprender, dende unha perspectiva económica, os distintos casos dos fluxos migratorios e as súas causas, valorando as súas consecuencias e aportar posibles solucións. | TI | 45 |
| CA5.4 - Analizar, con sentido crítico, como se produce o desenvolvemento económico e o benestar social con relación ao desenvolvemento sostible e aos retos económicos actuais. Estudo de casos. | Estudar diferentes casos de desenvolvemento económico e a súa correlación coa sustentabilidade e benestar social dun país | TI | 45 |
| CA5.6 - Propor iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sostibilidade a partir da identificación dos retos e dos desafíos que supón a economía actual e analizando, con sentido crítico, o impacto que provoca a globalización, a nova economía e a revolución dixital no benestar económico e social dos cidadáns. | Identificar, a través dun caso práctico, posibles solucións a problemas económicos vencellados a equidade, sostebilidade, desemprego estructural derivado da globalización e cambios tecnolóxicos e, en xeral, os rpincipais retos que aborda a sociedade do SXXI | TI | 45 |
| CA5.7 - Comprender os retos económicos actuais analizando de forma crítica e construtiva a contorna, identificando aqueles elementos que condicionan e transforman a economía e fomentando iniciativas que respondan ás necesidades que supoñen estes retos. | Identificar, a través dun caso práctico, posibles causas a problemas económicos vencellados a equidade, sostebilidade, desemprego estructural derivado da globalización e cambios tecnolóxicos e, en xeral, os rpincipais retos que aborda a sociedade do SXXI | TI | 45 |
| CA5.8 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas con relación aos retos económicos actuais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía. | Identificar, a través dun caso práctico e utilizando as ferramentas do ámbito económico, posibles solucións a problemas económicos da sociedade actual | TI | 45 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - A globalización: factores explicativos, oportunidades e riscos. A converxencia económica entre países e a redución das desigualdades.<br>- A nova economía e a revolución dixital. A economía colaborativa. A economía circular. O impacto da revolución dixital sobre o emprego e a distribución da renda. A adaptación da poboación activa ante os retos da revolución dixital. |

| Contidos |
|---|
| - O futuro do estado do benestar. Sostibilidade das pensións. Os fluxos migratorios e as súas implicacións socioeconómicas.<br>- Teorías sobre o decrecemento económico.<br>- Os obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) e os retos económicos actuais. Estudo de casos. |

## 4.1. Concrecións metodolóxicas

En liñas xerais a metodoloxía seguirá as seguintes premisas:

1. Promoverase o traballo autónomo do alumnado, que será o protagonista do proceso de ensino-aprendizaxe. O papel dos docentes estará orientado cara á mediación entre os coñecementos e as capacidades e os intereses de cada alumno.

2. A participación dos estudantes contribuirá a desenvolver e consolidar os seus hábitos de estudo e traballo, favorecendo a tolerancia, a participación e o diálogo, todos eles valores comúns dunha sociedade plural que se preparan para o exercicio dunha cidadanía activa e democrática.

3. Os contidos traballaranse dende un enfoque práctico, centrado na observación da realidade baixo un prisma económico. No estudo da realidade, é necesario partir dos coñecementos e ideas previas dos estudantes para, despois dunha análise racional, científica e crítica dos procesos e feitos económicos observados na realidade, conseguir construír novas aprendizaxes.

4. En paralelo, a materia de Economía ofrece unha excelente oportunidade para mellorar as técnicas de investigación, que se levarán a cabo no desenvolvemento de diferentes traballos. Os traballos a realizar tratarán de ter un enfoque investigador e tratarán de mellorar e traballar a totalidade das competencias clave en cada un deles, sempre que sexa posible. Ademáis utilizaranse, na medida do posible, ferramentas dixitais de traballo colaborativo para a elaboración de traballos en equipo, valorando sempre a disponibilidade de ordenadores con conectividade do alumnado.

5. As estratexias metodolóxicas que se van empregar, escollidas segundo os obxectivos perseguidos, poden asimilarse ás seguintes:

* Estratexias expositivas: os contidos presentaranse dun xeito claro e coherente cos coñecementos previos dos estudantes, apioándose en esquemas, mapas conceptuais, presentacións informáticas ou outros.

* Estratexias de investigación: permitirán desenvolver a capacidade de análise a través da resolución de exercicios sinxelos e a través do desenvolvemento de traballos de investigación para que os estudantes resolvan, saquen conclusións e, segundo o caso, tomen unha decisión que poidan compartir co resto da clase. Os traballos de investigación deberán ser entregados ó profesor a través da Aula Virtual e a resolución de exercicios porase en común durante as clases.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Aula virtual |
| Proxector e ordenador de aula |

| |
|---|
| Ordenadores aula informática |
| Pizarra e tizas |
| Folios para os apuntamentos |

Utilización da aula Virtual para subir os apuntamentos da materia e as diferentes actividades programadads ó longo do curso. Tamén se utilizará a aula Virtual para achegar actividades de reforzo e ampliación.

O proxector e o ordenador de aula serán necesarios para o desenvolvemento da programación da aula e das súas actividades-

Se utilizará a aula de informática para a produción do alumnado dos diferentes traballos.

NON se utiliza libro de texto.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación entenderase como un proceso continuo, o que implica que teña lugar en diferentes momentos:

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras sesións do curso co fin de coñecer a situación de partida do alumnado e así axustar a programación ao detectado.

O deseño seguirá a seguinte estrutura:

* Situación xeral e emocional do alumnado
* Intereses na materia, nivel de coñecementos previos e nivel comptencial
* Habilidade dixital e dispoñibilidade ordenador con conectividade en horario non lectivo
* Capacidade de traballo en equipo e aprendizaxe cooperativo
* Actitude de cara o curso

A avaliación inicial farase principalmente a través dun cuestionario de avaliación inicial desenvolvido na aula e a partires da información recabada do curso 2021-22, así coma outra información relevante obtida na aula durante os primeiros días do curso.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| **Unidade didáctica** | **UD 1** | **UD 2** | **UD 3** | **UD 4** | **UD 5** | **UD 6** | **UD 7** | **UD 8** | **UD 9** | **UD 10** |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **7** | **7** | **8** | **8** | **6** | **8** | **8** | **8** | **8** | **6** |
| **Proba escrita** | 100 | 80 | 50 | 76 | 100 | 75 | 100 | 50 | 90 | 100 |
| **Táboa de indicadores** | 0 | 20 | 50 | 24 | 0 | 25 | 0 | 50 | 10 | 0 |

| Unidade didáctica | UD 11 | UD 12 | Total |
|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **14** | **12** | **100** |
| **Proba escrita** | 90 | 55 | **79** |
| **Táboa de indicadores** | 10 | 45 | **21** |

**Criterios de cualificación:**

Os criterios de cualificación son os seguintes:

* Probas específicas escritas: 80%.Será a media das probas escritas realizadas en cada avaliación. Advírtese que no caso en que o alumno/a sexa apercibido por estar copiando, obterá una calificaicón de 0 puntos na proba específica correspondente.
* Análise das produccións do alumnado: 20% Traballos individuais ou en grupos con carácter principalmente investigador e intervencións na aula a través da resolución de caso prácticos ou participación na propia aula.

A suma das diferentes notas aplicadas as porcentaxes correspondentes formará unha nota numérica que oscilará entre o 1 e o 10.

Para obter unha nota positiva da materia en cada avaliación será necesario obter unha puntuación global superior a 5 como resultado da aplicación das diferentes porcentaxes mencionadas anteriormente.

A cualificación da avaliación final realizarase calculando a media aritmética das tres avaliacións. O alumno/a superará a materia sempre e cando a media das tres avaliacións sexa superior a 5.

**Criterios de recuperación:**

Aqueles estudantes que non obtivesen unha nota positiva na avaliación ordinaria a principios do mes de xuño terán a opción de realizar unha nova proba escrita específica sobre os Bloques de contidos non superados. Esta proba realizarase o día asignado por Xefatura de Estudos para este fin e presentará o mesmo formato que as probas realizadas durante as avaliacións.

Por outra banda, no período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata o remate do período lectivo dedicarase á preparación e á realización das probas extraordinarias citadas anteriormente, e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría.

Entenderase que o alumno/a superou a materia ao obter unha puntuación positiva igual ou maior que 5.
Se non supera a materia, quedará pendente para o próximo curso escolar.

## 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non existe alumnado neste curso que teña pendente a materia

## 6. Medidas de atención á diversidade

É conveniente responder a diversidade de intereses, motivacións, capacidades e estilos de aprendizaxe que manifestan os alumnos. É necesario, entón, ter en conta os diferentes estilos de aprendizaxe dos estudantes e tomar as medidas adecuadas para abordar esta diversidade.

Responder a esta diversidade non é unha tarefa fácil, pero é necesaria, xa que a intención última de calquera proceso educativo é garantir que todo o alumnado sexa capaz de adquirir as aprendizaxes imprescindibles.

En primeiro lugar e partindo do informe do Departamento de Orientación sobre determinados estudantes, estableceranse as medidas oportunas pàra estes alumnos/as; ademáis informaremos ó Departamento de Orientación se se detectan estudantes que carecen de informe previo pero nos que se detectan necesidades educaticas salientables que requiran dun informe do mesmo Departamento e que aconsellen implementar medidas específicas.

Calquera medida sempre tomarase de acordo ós informes recibidos polo Departamento de Orientación e en coordinación co profesorado doutras materias.

En segundo lugar intentarase, na medida do posible motivar e reforzar aos que presentan maiores dificultades para a comprensión e estudo da materia, así como fomentar e satisfacer as demandas de quen, pola contra, precisa un maior afondar no estudo do mesmo ou desexar ampliar os seus coñecementos.

A través da selección de actividades, o uso de materiais apropiados e a extensión ou reforzo de contidos en cada caso, intentaremos satisfacer a diversidade que poida haber na aula.

Durante todo o ano, as actividades de recuperación fixaranse periodicamente:

* As actividades de recuperación e apoio encaminaránse fundamentalmente ó asentamento de conceptos mínimos necesarios para poder seguir o desenvolvemento da unidade didáctica: cadros conceptuaies, esquemas ou resumos dos temas tratados, que serán elaborados na aula ou a través da Aula Virtual. En algunhas unidades, as actividades de apoio consistirán na realización de exercicios prácticos que sirvan de reforzo, ademáis de cuestionarios e canles de comunicación telemáticas. Todas estas actividades están dispoñibles a través da aula Virtual

* As actividades de ampliación consistirán na elaboración da ecowiki, exercicios de maior nivel de complexidade, lectura de artigos e textos con preguntas adxuntas ou outras actividades semellantes. Todas estas actividades faranse a través da Aula Virtual e, se é posible, algúns destes traballos poderían ser expostos ou resoltos na aula.

Coas actividades de recuperación-ampliación, atendemos non só a alumnado que presenta problemas no proceso de aprendizaxe, senon tamén a aqueles que alcanzaran no tempo previsto os obxectivos propostos.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Comprensión lectora | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Competencia dixital | X | X | X | X | X | X | X | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.5 - Creatividade | | | X | X | | X | X | X |
| ET.6 - Emprendimento social e empresarial | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - Fomento do espíritu científico e crítico | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.8 - Educación emocional e en valores | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.9 - A igualdade de xénero | | | | | | | X | |

| | UD 9 | UD 10 | UD 11 | UD 12 |
|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Comprensión lectora | X | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | X | X | X | X |
| ET.4 - Competencia dixital | X | X | X | X |
| ET.5 - Creatividade | X | | X | X |
| ET.6 - Emprendimento social e empresarial | X | X | X | X |
| ET.7 - Fomento do espíritu científico e crítico | X | X | X | X |
| ET.8 - Educación emocional e en valores | X | X | X | X |
| ET.9 - A igualdade de xénero | X | | | X |

### 7.2. Actividades complementarias

| **Actividade** | **Descrición** |
|---|---|
| Visita ó Porto de Vigo | Nesta actividade preténdese que coñezan tódalas actividades que se realizan no porto de Vigo e que están vencelladas íntimamente coa estructura económica-productiva da cidade e a súa área. |
| Charla sobre Banca Ética | Asistencia á charla, por parte dun experto, sobre Banca Ética |

| Actividade | Descrición |
|---|---|
| Participación no concurso do Colexio de Economistas | Actividade enmarcada dentro del Plan de Educación Financiera del Banco de España y la CNMV). Consiste na elaboración dun vídeo de 4 minutos sobre ¿Educación para unhas finanzas mais seguras¿, co obxectivo de que os consumidores teñan coñecementos básicos para que estean máis protexidos contra o fraude e estafa por parte de ciberdelincuentes |

**Observacións:**

Todas as actividades complementarias ou extraescolares faranse sempre que:

1.Calquera actividade complementaria ou extraescolar debe complementarse coaelaboración dun traballo que permita un mellor aproveitamento da visita.

2.Buscarase a interdisciplinariedade da actividade coa colaboración interdepartamental co fin de optimizar os recursos económicos do Centro e/o do alumnado e as horas deste alumnado fora da aula, ademáis de favorecer a relación de contidos entre as distintas materias.

3.Valorarase o comportamento xeral do grupo para que a visita se desenvolva con éxito.

A actividade da participación no concurso do Colexio de Economistas é optativa para o alumnado, aunque sí moi recomendado

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Inclúe os elementos curriculares na programación didáctica adaptándoos ás características do alumnado e contexto do centro. |
| Elabora as unidades didácticas utilizando como referente a programación didáctica da materia. |
| Realiza a avaliación inicial co fin de identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa. |
| Presenta e publica a programación didáctica incidindo especialmente na metodoloxía, instrumentos e proceso de avaliación e cualificación. |
| Planifica, coa antelación suficiente e tendo en conta a dispoñibilidade do alumnado, o calendario de probas a realizar segundo a tipoloxía. |
| Ofrece ao alumnado múltiples formas de presentación dos contidos e de acción e expresión. |
| Emprega as tecnoloxías da información e da comunicación na aula como medio didáctico para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe. |
| Propón actividades complementarias que contribúan á mellora da aprendizaxe do alumnado. |
| Procura a transparencia do proceso de avaliación. |
| Fomenta e estimula as habilidades de comprensión de lectura e de uso da información, de expresión escrita e en público. |
| Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación de aula en función das características do grupo. |

| |
|---|
| Planifica a actividade educativa coordinada con outras materias. |
| Establece criterios e instrumentos de avaliación e autoavaliación que permitan facer o seguimento do progreso do alumnado e comprobar o grao de adquisición de competencias. |
| Presenta ao inicio de cada sesión o plan de traballo, sinalando os obxectivos que se pretenden lograr. |
| Analiza os resultados da avaliación cos alumnos e alumnas. Informa dos logros acadados e dificultades atopadas, propoñendo estratexias de mellora. |
| Reforza positivamente ó alumnado |
| Relaciona os contidos da materia cos feitos da actualidade. |
| Fomenta a participación do alumnado no desenvolvemento da materia, promovendo o debate e a análise crítica dos temas propostos. |
| Amosa unha actitude aberta e receptiva e fomenta a interacción co alumnado. |
| Os mínimos de consecución e os criterios de cualificación e recuperación están claramente definidos. |
| Establece as medidas de atención á diversidade necesarias para facilitar o acceso ó currículo do alumnado. |
| Rexistra e avalía o seguimento da súa propia actuación no desenvolvemento das clases. |
| Emprega instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe. |
| Participa en actividades de formación dirixidas á actualización de coñecementos científico-técnicos, didácticos e/ou psicopedagóxicos. |
| Emprega os resultados da avaliación para mellorar o proceso de ensino. |

**Descrición:**

Tal e como establece a normativa, "O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes."

Tales indicadores consisten nunha serie de items que permiten reflexionar sobre a actuación co alumnado e os aspectos reflectidos na programación:

- Planificación,
- Motivación do alumnado,
- Desenvolvemento do proceso de ensino,
- Idoneidade dos materiais empregados e das actividades propostas
- Seguimento e avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe

Reazlizarase unha valoración conxunta dos indicadores, destacando aqueles onde existan oportunidades de mellora. Ditas valoracións e oportunidades de mellora trataranse nas reunións de Departamento e reflectirase na memoria final do curso.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Reazlizarase unha valoración conxunta dos indicadores, destacando aqueles onde existan oportunidades de mellora. Ditas valoracións e oportunidades de mellora trataranse nas reuníons de Departamento e reflectirase na memoria final do curso.

As ferramentas a empregar para analizar o grao de cumprimento dos indicadores de logro poden consistir en:

- Diario de aula.

- Indicadores da avaliación do proceso de aprendizaxe

- Estatísticas de resultados.

- Valoracións do alumnado.

## 9. Outros apartados

2022/23

# PROGRAMACIÓN ECONOMÍA 4º ESO CURSO 2022-23 IES CORUXO

DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA. FELIPE DAVID RODRÍGUEZ HERMIDA

1. Contexto e introdución .... 3
2. Obxectivos .... 4
3. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave .... 6
4. Contidos .... 7
5. Secuenciación e temporalización dos contidos .... 8
6. Relación entre os criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave .... 9
7. Metodoloxía .... 18
8. Atención á diversidade: .... 19
9. Materiais e recursos didácticos .... 20
10. Actividades complementarias .... 20
11. Avaliación .... 21
11.1 Procedementos e instrumentos da avaliación: .... 21
11.2 Criterios de calificación. .... 23
12. Seguimento e avaliación do proceso ensinanza-aprendizaxe .... 24

## 1 Contexto e introdución

A formación en economía faise necesaria nun contexto globalizado, no que as relacións entre os axentes económicos e sociais son cada día máis complexas.

A consideración do comportamento económico das persoas na procura da satisfacción das súas necesidades, así como da produción e da organización dos bens e os servizos necesarios, e da distribución dos recursos escasos facilitan a compresión da realidade social.

Calquera persoa necesita coñecer as regras básicas que explican os acontecementos económicos e a linguaxe específica utilizada por economistas e medios de comunicación para analizar eses feitos. O estudo da economía axuda a percibir e a coñecer o mundo, e posibilita analizar e afondar nas relacións humanas, facilita a comprensión dos conceptos utilizados habitualmente na análise económica e empresarial, serve para potenciar destrezas de razoamento, abstracción e interrelación, e proporciona ferramentas para examinar de xeito crítico a sociedade.

Contribúe tamén a desenvolver a curiosidade intelectual, a capacidade analítica, o rigor e a amplitude de perspectivas á hora de indagar no coñecemento de variables como o crecemento, a pobreza, a educación, a saúde, a riqueza, o ambiente, etc. Proporciona importantes coñecementos matemáticos e estatísticos, habilidades de comunicación oral e escrita para explicar e transmitir ideas e conclusións, con argumentos e evidencias empíricas, sentido da ética e respecto polo ser humano, así como unha intensa capacidade de traballo, tanto individual como en equipo. A grande transcendencia social da economía queda reflectida na súa contribución ao fomento da mellora na calidade de vida, ao progreso e ao benestar social.

Os coñecementos económicos teñen cada día máis valor, pola importancia de contar cunha cidadanía formada e pola relevancia dunha boa administración dos recursos públicos. O estudo da economía proporciona, xunto coa formación técnica, competencias lingüísticas e de comunicación, matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, sociais e cívicas, así como sentido da iniciativa e espírito emprendedor.

Esta programación vai dirixida ao alumnado de 4º de ESO do IES de Coruxo, Vigo e foi desenvolvida a partir do Decreto 86/2015 de 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Realizanse ás adaptacións derivadas da publicación da Orde do 27 de decembro de 2022, relativa ó organización final do curso 2022-23

## 2 **Obxectivos**

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

## 3 Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

A materia Economía contribúe ao desenvolvemento das competencias curriculares. As competencias curriculares tidas son en conta son as seguintes:

a) Comunicación lingüística. (CCL)
b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. (CMCCT)
c) Competencia dixital. (CD)
d) Aprender a aprender. (CA)
e) Competencias sociais e cívicas. (CSC)
f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. (CSIEE)
g) Conciencia e expresións culturais. (CCEC)

No apartado 6. establécese a concreción que recolle a relación dos estándares de aprendizaxe avaliables da materia coas diferentes competencias clave

A materia contribúe enormemente ao desenvolvemento de competencias sociais e cívicas, o estudo de Economía axuda a percibir e coñecer o mundo que nos rodea, facendo posible a análise das relacións humanas desde aspectos micro e macroeconómicos.

A economía pódese estudar desde un triple enfoque: gráfico, matemático e analítico. O estudo de datos estatísticos sinxelos para comprender fenómenos económicos, a resolución de problemas e a utilización de métodos científicos (análise gráfico) contribuen ao desenvolvemento da competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

Esta materia tamén contribúe de xeito importante á competencia dixital. En primeiro lugar, a información aparece como un elemento esencial de boa parte da aprendizaxe da materia, información que se presenta en diferentes códigos, formatos e idiomas e que, polo tanto, require diferentes procedementos para a súa comprensión. Ademáis as diferentes fases da resolución de problemas compre facerse coas ferramentas informáticas e medios audiovisuais; finalmente a utilización de procesadores de textos, follas de cálculo e programas informñaticos ou ferramentas colaborativas o de comunicación propias da Internet, comportan o uso habitual dos recursos tecnolóxicos disponibles para resolver de modo eficiente os problemas típicos que presenta a Economía.

No que respecta á competencia en comunicación lingüística, na medida en que nos intercambios comunicativos e nas creacións escritas valórase a incorporación e o uso correcto do vocabulario específico, a claridade na exposición, o rigor no uso dos termos. desenvolverá esta competencia a estruturación do discurso, a capacidade de síntese, o uso dunha linguaxe libre de prexuízos, inclusivos e non sexistas. Trátase de facilitar a expresión, tanto oral como escrita, e fomentar a audición das explicacións doutras persoas, que desenvolva a súa propia comprensión, espírito crítico e a mellora das habilidades de comunicación. En definitiva, Economía contribúe á competencia lingüística, xa que está concibida como unha cuestión de expresión que emprega a comunicación oral e escrita na formulación e expresión de ideas.

O modelo de resolución de problemas e a análise de situacións que plantexa Economía está asociado ao desenvolvemento do sentido da iniciativa e o emprendemento mediante a planificación, a busca de estratexias e a toma de decisións, así como a optimización dos procesos de resolución que implica a avaliación periódica do proceso e a avaliación dos resultados.

A economía contribúe á adquisición de aprendizaxe de competencia para aprender grazas ao desenvolvemento de estratexias para resolver problemas prácticos que impliquen planificar a tarefa a realizar, anticipando como actuar cos recursos dispoñibles e valorando os resultados aceptando os propios erros como instrumentos de mellora.

A contribución ao desenvolvemento cultural da humanidade na forma en que a sociedade ten que producir, intercambiar e crecer economicamente está relacionada coa competencia, a conciencia e as expresións culturais.

## 4 Contidos

En canto ós contidos, ó ser unha materia que non está vencellada con materias de cursos anteriores e, por tanto, ser neste sentido unha materia nova para o alumnado, non se plantexan incluir contidos de materias de cursos anteriores.

Os contidos agrúpanse en seis bloques según a normativa actual. O enfoque empregado pola economía na resolución dos problemas sociais distínguea das restantes ciencias sociais.

Tal e como sinalarmos, a materia de 4º de ESO distribúese en seis bloques que permiten o estudo da economía como ciencia e do papel dos axentes económicos. No bloque 1 ("Ideas económicas básicas") recóllense aspectos relativos aos principios económicos, á terminoloxía propia e á metodoloxía da ciencia económica. No bloque 2 ("Economía e empresa") analízase o papel e o funcionamento do/da axente de empresas na economía. O seguinte bloque ("Economía persoal") está dedicado ao estudo da transcendencia das decisións económicas na vida das persoas. O cuarto bloque ("Economía e ingresos e gastos do Estado") repasa o papel estatal no funcionamento económico a través da análise dos seus ingresos e gastos. No quinto bloque ("Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego") repásanse os aspectos máis salientables da economía financeira e a súa repercusión na actividade económica e o nivel de emprego. E para rematar, o bloque de "Economía internacional" fai un breve repaso do funcionamento do sector exterior da economía con especial fincapé nas repercusións da integración económica e a globalización.

## 5 Secuenciación e temporalización dos contidos

Dado que na maioría dos casos o proceso de ensino-aprendizaxe require diferentes ritmos no desenvolvemento dos contidos dos bloques temáticos, segundo as características do grupo, o tempo é indicativo, temporalízase por trimestres.

A materia de Economía impártese tres horas semanais, en sesións de 50 minutos cada unha, o que supón un total de aproximadamente 96 sesións ata a data prevista da 3ª avaliación do 22 de xuño. Ao mesmo tempo e ao cronometrar o tema por bloques de contido debemos considerar que utilizaremos 3 sesións para realizar a sesión de acolllida e a avaliación inicial, introducir a materia e explicar a metodoloxía e criterios para a avaliación e cualificación e outras 7 sesións que se destinarán en base a unha previsión histórica en actividades complementarias ou extraescolares dalgunha das materias de 4º de ESO ou do propio Centro ou a imprevistos varios.

En total, teremos aproximadamente 86 horas de para distribuír nos diferentes bloques de contido, que pretendemos distribuír do seguinte xeito:

| BLOQUE | TEMPORALIZACIÓN POR TRIMESTRES | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 1° | 2° | 3° | SESIONES ESTIMADAS |
| 1. Ideas económicas básicas | X | | | 14 |
| 2. Economía e empresa | X | | | 20 |
| 3. Economía persoal | | X | | 14 |
| 4. Economía e ingresos e gastos do Estado | | | X | 14 |
| 5. Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego | | X | | 14 |
| 6. O contexto internacional da Economía | | | X | 10 |
| TOTAL HORAS LECTIVAS A DISTRIBUIR POR BLOQUES | | | | 86 |

Os contidos do bloque cuarto impartiránse antes cos do bloque quinto, xa qué é preciso ter uns coñecementos previos sobre PIB, inflación, desemprego, etc. para poder desenvolver o bloque relativo aos ingresos e gastos do Estado.

É posible que ao longo do curso se considere necesario realizar unha pequena redistribución das horas previstas para cada bloque, dependendo principalmente do ritmo de aprendizaxe do alumno e doutras circunstancias fóra da materia.

## 6 Relación entre os criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave

A seguinte táboa mostra a relación dos bloques de contido da materia cos criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe avaliables, así como as competencias clave, a temporalización e os instrumentos de avaliación empregados (PE: Probas Específicas; APA: Análise das Produccións do Alumnado; OA: Observación directa na Aula) e o grao de adquisición dos estándares de aprendizaxe.

| Economía. 4º de ESO | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Ttemporalización | Competencias clave | Instrumentos de avaliación | Grado mínimo de consecucución estándares |
| Bloque 1. Ideas económicas básicas | | | | | | | |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ f | ▪ B1.1. Economía como ciencia: actividade económica e sociedade.<br>▪ B1.2. Principios na toma de decisións económicas.<br>▪ B1.3. Escaseza, elección e asignación de recursos. Custo de oportunidade. | ▪ B1.1. Explicar a economía como ciencia social e valorar o impacto permanente das decisións económicas na vida das persoas. | ▪ ECB1.1.1. Recoñece a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos problemas básicos de calquera economía, e comprende que todas as eleccións supoñen renunciar a outras alternativas e que todas as decisións teñen consecuencias. | ▪ 1º trimestre | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ PE<br>▪ OA | ▪ 50 % |
| | | | ▪ ECB1.1.2. Distingue formas de analizar e resolver problemas económicos, e identifica as súas vantaxes, os seus inconvenientes e as súas limitacións. | ▪ 1º trimestre | ▪ CAA<br>▪ CD | ▪ PE<br>▪ OA | ▪ 50 % |
| ▪ f<br>▪ h<br>▪ o | ▪ B1.4. O método na economía: modelos económicos.<br>▪ B1.5. Fronteira de posibilidades de produción. | ▪ B1.2. Identificar a terminoloxía económica básica e o uso dos modelos económicos, e familiarizarse con eles. | ▪ ECB1.2.1. Comprende e utiliza correctamente termos da área da economía. | ▪ 1º trimestre | ▪ CCL | ▪ PE<br>▪ OA | ▪ 50 % |
| | | | ▪ ECB1.2.2. Diferencia entre economía positiva e economía normativa. | ▪ 1º trimestre | ▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ PE<br>▪ OA | ▪ 30 % |
| | | | ▪ ECB1.2.3. Representa e analiza graficamente o custo de oportunidade mediante a fronteira de posibilidades de produción. | ▪ 1º trimestre | ▪ CD<br>▪ CMCCT | ▪ PE<br>▪ OA | ▪ 50 % |
| ▪ a<br>▪ f | ▪ B1.6. As relacións económicas básicas e a súa representación. | ▪ B1.3. Tomar conciencia dos principios da economía para aplicar nas relacións económicas básicas cos condicionantes de | ▪ ECB1.3.1. Representa as relacións que se establecen entre as economías domésticas e as empresas. | ▪ 1º trimestre | ▪ CMCCT<br>▪ CSC | ▪ PE<br>▪ APA<br>▪ OA | ▪ 50 % |

| Economía. 4º de ESO | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Ttemporalización | Competencias clave | Instrumentos de avaliación | Grado mínimo de consecucución estándares |
| | | recursos e as necesidades. | ▪ ECB1.3.2. Aplica razoamentos básicos para interpretar problemas económicos provenientes das relacións económicas do seu contorno. | ▪ 1º trimestre | ▪ CMCCT<br>▪ CSC | ▪ PE<br>▪ OA | ▪ 30 % |
| Bloque 2. Economía e empresa | | | | | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ m | ▪ B2.1. A empresa e o/a empresario/a.<br>▪ B2.2. Elementos, funcións e obxectivos da empresa.<br>▪ B2.3. Clases de empresas.<br>▪ B2.4. Formas xurídicas da empresa. | ▪ B2.1. Describir os tipos de empresas e as formas xurídicas das empresas, e relacionar con cada unha coas súas esixencias de capital e as responsabilidades legais dos/das propietarios/as e xestores/as, así como as interrelacións das empresas no seu contorno inmediato. | ▪ ECB2.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relaciónaas coas esixencias de capital para a súa constitución e coas responsabilidades legais para cada tipo. | ▪ 1º trimestre | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE | ▪ PE<br>▪ OA | ▪ 50 % |
| | | | ▪ ECB2.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresas máis apropiadas en cada caso, en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas. | ▪ 1º trimestre | ▪ CAA<br>▪ CD | ▪ PE<br>▪ OA | ▪ 30 % |
| | | | ▪ ECB2.1.3. Distingue os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu ámbito, así como a forma de interactuar co seu contorno máis próximo e os efectos sociais e ambientais, positivos e negativos, que se observan. | ▪ 1º trimestre | ▪ CSIEE<br>▪ CSC | ▪ APA<br>▪ OA | ▪ 30 % |
| ▪ a<br>▪ f<br>▪ e | ▪ B2.5. Proceso produtivo e factores produtivos.<br>▪ B2.6. Sectores da actividade económica. | ▪ B2.2. Analizar as características principais do proceso produtivo. | ▪ ECB2.2.1. Analiza os tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía. | ▪ 1º trimestre | ▪ CMCCT<br>▪ CSC | ▪ PE<br>▪ OA | ▪ 50 % |
| | | | ▪ ECB2.2.2. Identifica os sectores económicos, así como os seus retos e as súas oportunidades. | ▪ 1º trimestre | ▪ CD<br>▪ CSC | ▪ PE<br>▪ OA | ▪ 50 % |

| Economía. 4º de ESO | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Ttemporalización | Competencias clave | Instrumentos de avaliación | Grado mínimo de consecucución estándares |
| ▪ e<br>▪ f | ▪ B2.7. Fontes de financiamento das empresas. Novas formas de financiamento. | ▪ B2.3. Identificar as fontes de financiamento das empresas. | ▪ ECB2.3.1. Explica as posibilidades de financiamento das empresas e diferencia o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa. | ▪ 1º trimestre | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CMCCT | ▪ PE<br>▪ OA | ▪ 50 % |
| ▪ e<br>▪ f | ▪ B2.8. Ingresos e custos da empresa: clasificación.<br>▪ B2.9. Resultados da empresa. | ▪ B2.4. Determinar, para un caso sinxelo, a estrutura de ingresos e custos dunha empresa, calculando o seu beneficio. | ▪ ECB2.4.2. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados. | ▪ 1º trimestre | ▪ CD<br>▪ CMCCT | ▪ PE<br>▪ OA | ▪ 50 % |
| ▪ a<br>▪ e<br>▪ f | ▪ B2.10. Obrigas fiscais das empresas. | ▪ B2.5. Diferenciar os impostos que afectan as empresas e a importancia do cumprimento das obrigas fiscais. | ▪ ECB2.5.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa forma xurídica e as actividades, e sinala o funcionamento básico dos impostos e as principais diferenzas entre eles. | ▪ 1º trimestre | ▪ CD<br>▪ CMCCT | ▪ PE<br>▪ OA | ▪ 30 % |
| | | | ▪ ECB2.5.2. Valora a achega que para a riqueza nacional supón a carga impositiva que soportan as empresas. | ▪ 1º trimestre | ▪ CSC | ▪ OA | ▪ 30 % |
| Bloque 3. Economía persoal | | | | | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ f | ▪ B3.1. Orzamento persoal. Control de ingresos e gastos.<br>▪ B3.2. Xestión do orzamento. Obxectivos e prioridades. | ▪ B3.1. Realizar un orzamento persoal distinguindo entre os tipos de ingresos e gastos, e controlar o seu grao de cumprimento e as posibles necesidades de adaptación. | ▪ ECB3.1.1. Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal, identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento. | ▪ 2º trimestre | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CMCCT | ▪ APA | ▪ 50 % |
| | | | ▪ ECB3.1.2. Utiliza ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado. | ▪ 2º trimestre | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CMCCT | ▪ APA | ▪ 50 % |

| Economía. 4º de ESO | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Ttemporalización | Competencias clave | Instrumentos de avaliación | Grado mínimo de consecucución estándares |
| | | | ▪ ECB3.1.3 Manexa gráficos de análise que permiten comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas. | ▪ 2º trimestre | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CMCCT | ▪ APA | ▪ 30 % |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ m | ▪ B3.3. Planificación económico-financeira: necesidades económicas nas etapas da vida. | ▪ B3.2. Decidir con racionalidade ante as alternativas económicas da vida persoal, e relacionalas co benestar propio e social. | ▪ ECB3.2.1. Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros ao longo da vida. Esa planificación vincúlase á previsión realizada en cada etapa, de acordo coas decisións tomadas e a marcha da actividade económica nacional. | ▪ 2º trimestre | ▪ CAA<br>▪ CSIEE | ▪ PE<br>▪ OA | ▪ 50 % |
| ▪ a<br>▪ f | ▪ B3.4. Aforro e endebedamento. Os plans de pensións.<br>▪ B3.5. Risco e diversificación. | ▪ B3.3. Expresar unha actitude positiva cara ao aforro, e empregar o aforro como medio para alcanzar diversos obxectivos. | ▪ ECB3.3.1. Recoñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto. | ▪ 2º trimestre | ▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ PE<br>▪ OA | ▪ 50 % |
| | | | ▪ ECB3.3.2. Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento, valorando o risco e seleccionando a decisión máis axeitada para cada momento. | ▪ 2º trimestre | ▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ PE<br>▪ OA | ▪ 50 % |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B3.6. O diñeiro.<br>▪ B3.7. Contratos financeiros: contas e tarxetas de débito e crédito.<br>▪ B3.8. Relacións no mercado financeiro: información e negociación.<br>▪ B3.9. Implicacións dos contratos financeiros. Dereitos e responsabilidades dos/das consumidores/as no mercado financeiro. | ▪ B3.4. Recoñecer o funcionamento básico do diñeiro e diferenciar os tipos de contas bancarias e de tarxetas emitidas como medios de pagamento, e valorar a oportunidade do seu uso con garantías e responsabilidade. | ▪ ECB3.4.1. Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria. | ▪ 2º trimestre | ▪ CCL<br>▪ CMCCT | ▪ PE<br>▪ APA<br>▪ OA | ▪ 50 % |
| | | | ▪ ECB3.4.2. Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que se derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos. | ▪ 2º trimestre | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CD | ▪ APA<br>▪ OA | ▪ 50 % |

| Economía. 4º de ESO | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Ttemporalización | Competencias clave | Instrumentos de avaliación | Grado mínimo de consecucución estándares |
| | | | ▪ ECB3.4.3. Recoñece a capacidade de negociación coas entidades financeiras e analiza os procedementos de reclamación ante estas. | ▪ 2º trimestre | ▪ CAA<br>▪ CD | ▪ APA<br>▪ OA | ▪ 30 % |
| | | | ▪ ECB3.4.4. Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa. | ▪ 2º trimestre | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CMCCT | ▪ PE<br>▪ APA<br>▪ OA | ▪ 50 % |
| ▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B3.10. O seguro como medio para a cobertura de riscos. Tipoloxía de seguros. | ▪ B3.5. Coñecer o concepto de seguro e a súa finalidade. | ▪ ECB3.5.1. Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida. | ▪ 2º trimestre | ▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CMCCT | ▪ PE<br>▪ OA | ▪ 30 % |
| Bloque 4. Economía e ingresos e gastos do Estado | | | | | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ ñ | ▪ B4.1. Orzamentos públicos: ingresos e gastos do Estado. | ▪ B4.1. Recoñecer e analizar a procedencia das principais fontes de ingresos e gastos do Estado, e interpretar gráficos onde se amose esa distribución. | ▪ ECB4.1.1. Identifica as vías de onde proceden os ingresos do Estado, así como as principais áreas dos gastos do Estado, e comenta as súas relacións. | ▪ 3º trimestre | ▪ CMCCT<br>▪ CSC | ▪ PE<br>▪ OA | ▪ 50 % |
| | | | ▪ ECB4.1.2. Analiza e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos ingresos e os gastos do Estado. | ▪ 3º trimestre | ▪ CD<br>▪ CMCCT | ▪ PE<br>▪ OA | ▪ 50 % |
| | | | ▪ ECB4.1.3. Distingue nos ciclos económicos o comportamento dos ingresos e dos gastos públicos, así como os efectos que se poden producir ao longo do tempo. | ▪ 3º trimestre | ▪ CMCCT<br>▪ CSC | ▪ PE<br>▪ OA | ▪ 30 % |

| Economía. 4º de ESO | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Ttemporalización | Competencias clave | Instrumentos de avaliación | Grado mínimo de consecucución estándares |
| | | | ▪ ECB4.1.4. Describe o contido dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución. | ▪ 3º trimestre | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ PE<br>▪ OA | ▪ 30 % |
| ▪ a<br>▪ e<br>▪ f | ▪ B4.2. A débeda pública e o déficit público. | ▪ B4.2. Diferenciar e explicar os conceptos de débeda pública e déficit público. | ▪ ECB4.2.1. Comprende e expresa as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público, así como a relación que se produce entre eles. | ▪ 3º trimestre | ▪ CCL<br>▪ CMCCT | ▪ PE<br>▪ OA | ▪ 30 % |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ f | ▪ B4.3. Desigualdades económicas e distribución da renda. | ▪ B4.3. Determinar o impacto para a sociedade da desigualdade da renda e estudar as ferramentas de redistribución da renda. | ▪ ECB4.3.1. Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución desta. | ▪ 3º trimestre | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC | ▪ PE<br>▪ APA<br>▪ OA | ▪ 50 % |
| | | | ▪ ECB4.3.2. Interpreta gráficos representativos da distribución da renda | ▪ 3º trimestre | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CMCCT | ▪ PE<br>▪ APA<br>▪ OA | ▪ 50 % |
| Bloque 5. Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego | | | | | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f | ▪ B5.1. Tipos de xuro.<br>▪ B5.2. Inflación.<br>▪ B5.3. Consecuencias dos cambios nos tipos de xuro e inflación.<br>▪ B5.4. Desemprego: clasificación e consecuencias. | ▪ B5.1. Diferenciar as magnitudes de tipos de xuro, inflación e desemprego, analizar as relacións entre elas e interpretar datos e gráficos vinculados con esas magnitudes. | ▪ ECB5.1.1. Describe as causas da inflación e valora as súas principais repercusións económicas e sociais. | ▪ 2º trimestre | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ PE<br>▪ APA<br>▪ OA | ▪ 50 % |
| | | | ▪ ECB5.1.2. Explica o funcionamento dos tipos de interese e as consecuencias da súa variación para a marcha da economía. | ▪ 2º trimestre | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC | ▪ PE<br>▪ APA<br>▪ OA | ▪ 30 % |
| | | | ▪ ECB5.1.3. Valora e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de xuro, inflación e desemprego. | ▪ 2º trimestre | ▪ CD<br>▪ CMCCT | ▪ APA<br>▪ OA | ▪ 30 % |

| Economía. 4º de ESO | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Ttemporalización | Competencias clave | Instrumentos de avaliación | Grado mínimo de consecucución estándares |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f | ▪ B5.5. Causas do desemprego e políticas contra o desemprego. O desemprego en Galicia.<br>▪ B5.6. Perspectivas da ocupación. | ▪ B5.2. Valorar opcións de políticas macroeconómicas para facer fronte ao desemprego. | ▪ ECB5.2.1. Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercusións económicas e sociais. | ▪ 2º trimestre | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC | ▪ PE<br>▪ APA<br>▪ OA | ▪ 50 % |
| | | | ▪ ECB5.2.2. Analiza os datos de desemprego en España e as políticas contra o desemprego. | ▪ 2º trimestre | ▪ CD<br>▪ CSC | ▪ APA<br>▪ OA | ▪ 50 % |
| | | | ▪ ECB5.2.3. Investiga e recoñece vieiros e tendencias de emprego. | ▪ 2º trimestre | ▪ CAA<br>▪ CD | ▪ APA<br>▪ OA | ▪ 50 % |
| Bloque 6. Economía internacional | | | | | | | |
| ▪ a<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ m | ▪ B6.1. Globalización económica.<br>▪ B6.2. Comercio internacional.<br>▪ B6.3. Integración económica e monetaria europea.<br>▪ B6.4. Economía e ambiente: sustentabilidade. | ▪ B6.1. Valorar o impacto da globalización económica, do comercio internacional e dos procesos de integración económica na calidade de vida das persoas e no ambiente. | ▪ ECB6.1.1. Valora o grao de interconexión das economías de todos os países do mundo e aplica a perspectiva global para emitir xuízos críticos. | ▪ 3º trimestre | ▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ PE<br>▪ OA | ▪ 50 % |
| | | | ▪ ECB6.1.2. Explica as razóns que xustifican o intercambio económico entre países e que inflúen nel. | ▪ 3º trimestre | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ PE<br>▪ OA | ▪ 50 % |
| | | | ▪ ECB6.1.3. Analiza e presenta acontecementos económicos contemporáneos no contexto da globalización e o comercio internacional. | ▪ 3º trimestre | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSC | ▪ APA<br>▪ OA | ▪ 30 % |
| | | | ▪ ECB6.1.4. Recoñece e enumera vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da Unión Europea. | ▪ 3º trimestre | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CSC | ▪ PE<br>▪ OA | ▪ 50 % |

| Economía. 4º de ESO | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Ttemporalización | Competencias clave | Instrumentos de avaliación | Grado mínimo de consecucución estándares |
| | | | ▪ ECB6.1.5. Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional, e analiza as posibilidades dun desenvolvemento sustentable. | ▪ 3º trimestre | ▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ APA | ▪ 30 % |

## 7 Metodoloxía

En canto a metodoloxía, en liñas xerais a metodoloxía seguirá as seguintes premisas:

1. Promoverase o **traballo autónomo do alumnado**, que será o protagonista do proceso de ensino-aprendizaxe. O papel dos docentes estará orientado cara á mediación entre os coñecementos e as capacidades e os intereses de cada alumno.

2. A participación dos estudantes contribuirá a **desenvolver e consolidar os seus hábitos de estudo e traballo**, favorecendo a tolerancia, a participación e o diálogo, todos eles valores comúns dunha sociedade plural que se preparan para o exercicio dunha cidadanía activa e democrática.

3. Os contidos traballaranse dende un **enfoque práctico**, centrado na observación da realidade baixo un prisma económico. No estudo da realidade, é necesario partir dos coñecementos e ideas previas dos estudantes para, despois dunha análise racional, científica e crítica dos procesos e feitos económicos observados na realidade, conseguir construír novas aprendizaxes.

4. En paralelo, a materia Economía ofrece unha excelente oportunidade para **mellorar as técnicas de investigación**, que se levarán a cabo no desenvolvemento de diferentes traballos. **Os traballos a realizar tratarán de ter un enfoque investigador** e tratarán de mellorar e **traballar a totalidade das competencias clave** en cada un deles, sempre que sexa posible. Ademáis utilizaranse, na medida do posible, **ferramentas dixitais de traballo colaborativo** para a elaboración de traballos en equipo, valorando sempre a disponibilidade de ordenadores con conectividade do alumnado.

5. As **estratexias metodolóxicas** que se van empregar, escollidas segundo os obxectivos perseguidos, poden asimilarse ás seguintes:

- <u>Estratexias expositivas</u>: os contidos presentaranse dun xeito claro e coherente cos coñecementos previos dos estudantes, apioándose en esquemas, mapas conceptuais, presentacións informáticas ou outros.

- <u>Estratexias de investigación</u>: permitirán desenvolver a capacidade de análise a través da resolución de exercicios sinxelos e a través do desenvolvemento de traballos de investigación para que os estudantes resolvan, saquen conclusións e, segundo o caso, tomen unha decisión que poidan compartir co resto da clase. Os traballos de investigación deberán ser entregados ó profesor a través da plataforma Edixgal e a resolución de exercicios porase en común durante as clases.

## 8. Atención á diversidade

É conveniente responder a diversidade de intereses, motivacións, capacidades e estilos de aprendizaxe que manifestan os alumnos. É necesario, entón, ter en conta os diferentes estilos de aprendizaxe dos estudantes e tomar as medidas adecuadas para abordar esta diversidade.

Responder a esta diversidade non é unha tarefa fácil, pero é necesaria, xa que a intención última de calquera proceso educativo é garantir que todo o alumnado sexa capaz de adquirir as aprendizaxes imprescindibles.

En primeiro lugar e partindo do informe do Departamento de Orientación sobre determinados estudantes, estableceranse as medidas consideradas necesarias e oportunas pàra estes alumnos/as; ademáis informaremos ó Departamento de Orientación se se detectan estudantes que carecen de informe previo pero nos que se detectan necesidades educaticas salientables que requiran dun informe do mesmo Departamento e que aconsellen implementar medidas específicas.

Calquera medida sempre tomarase de acordo ós informes recibidos polo Departamento de Orientación e en coordinación co profesorado doutras materias.

En segundo lugar intentarase, na medida do posible motivar e reforzar aos que presentan maiores dificultades para a comprensión e estudo da materia, así como fomentar e satisfacer as demandas de quen, pola contra, precisa un maior afondar no estudo do mesmo ou desexar ampliar os seus coñecementos.

A través da selección de actividades, o uso de materiais apropiados e a extensión ou reforzo de contidos en cada caso, intentaremos satisfacer a diversidade que poida haber na aula.

Durante todo o ano, as actividades de recuperación fixaranse periodicamente:

- *As actividades de recuperación* e apoio encaminaránse fundamentalmente ó asentamento de conceptos mínimos necesarios para poder seguir o desenvolvemento da unidade didáctica: cadros conceptuaies, esquemas ou resumos dos temas tratados, que serán elaborados na aula.

  En algunhas unidades, as actividades de apoio consistirán na realización de exercicios prácticos que sirvan de reforzó, ademáis de cuestionarios e canles de comunicación telemáticas. Todas estas actividades faranse a través da plataforma Edixgal

- *As actividades de ampliación* consistirán en traballos de investigación, exercicios de maior nivel de complexidade, lectura de artigos e textos con preguntas adxuntas ou outras actividades semellantes. Todas estas actividades faranse a través da plataforma Edixgal e algúns destes traballos poderían ser expostos ou resoltos na aula.

Coas actividades de recuperación-ampliación, atendemos non só a alumnado que presenta problemas no proceso de aprendizaxe, senon tamén a aqueles que alcanzaran no tempo previsto os obxectivos propostos.

**9. Materiais e recursos didácticos**

En Economía de 4º de ESO o profesor proporcionará os apuntes ó alumnado. Así mesmo, o alumnado debe ter un caderno de traballo ou un gabinete de ficheiros onde o alumno tomará notas, realizará esquemas resumidos e responderá ás cuestións e actividades propostas.

Utilizaranse esquemas explicativos e mapas conceptuais, gráficos e, en xeral, toda a documentación preferentemente dixital que se precise para o desenvolvemento das clases.

A plataforma Edixgal utilizarase como ferramenta básica de comunicación entre o alumnado e o profesor, de xeito que a través dela podes descargar documentación da materia, engadir ligazóns de interese, achegar presentacións ou realizar e entregar tarefas (traballos), resolver cuestionarios, etc. Por elo é fundamental á matriculación de todo o alumnado durante os primeiros días do curso.

Para levar a cabo estes traballos é importante poder acceder a un ordenador con conectividade a Internet. Neste sentido ó pertenecer a materia o programa Edixgal suponse que todo o alumnado dispón dun ordenador persoal facilitado pola Consellería, aínda que se preguntará na avaliación inicila se dispoñen de conectividade no fogar.

**10. Actividades complementarias e extraescolares**

Está previsto, sempre que sexa posible, a visita a unha fábrica de Coruxo, xa que o custe dos transportes é gratuito.

Ademáis está prevista a actividade da visita ó Porto de Vigo, onde poden relacionar o Porto coas principales actividades económicas da cidade

En calquer caso, as actividades complementarias ou extraescolares faranse sempre que:

1. Calquera actividade complementaria ou extraescolar debe complementarse coa elaboración dun traballo que permita un mellor aproveitamento da visita.
2. Buscarase a interdisciplinariedade da actividade coa colaboración interdepartamental co fin de optimizar os recursos económicos do Centro e/o do alumnado e as horas deste alumnado fora da aula, ademáis de favorecer a relación de contidos entre as distintas materias.
3. Valorarase o comportamento xeral do grupo para que a visita se desenvolva con éxito.

Ademáis participarase na actividade de i-Comercio, actividade organizada pola Dirección Xeral de Comercio e Consumo da Consellería de Economía, Indutria e Innovación e na que teñen que poñer en marcha un comercio de proximidade sostible e dixitalizado, para o que se adicarán sesións na aula.

## 11. Avaliación

### 11.1 Procedementos e instrumentos da avaliación:

A avaliación entenderase como un proceso continuo, o que implica que teña lugar en diferentes momentos:

- A avaliación entenderase como un proceso continuo, o que implica que teña lugar en diferentes momentos:
- A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras sesións do curso co fin de coñecer a situación de partida do alumnado e así axustar a programación ao detectado.
- O deseño seguirá a seguinte estrutura:
    - Situación xeral e emocional do alumnado
    - Intereses na materia, nivel de coñecementos previos e nivel comptencial
    - Habilidade dixital e dispoñibilidade ordenador con conectividade en horario non lectivo
    - Capacidade de traballo en equipo e aprendizaxe cooperativo
    - Actitude de cara o curso

A avaliación inicial farase principalmente a través dun cuestionario de avaliación inicial desenvolvido na aula e a partires da información recabada do curso 2021-22, así coma outra información relevante obtida na aula durante os primeiros días do curso.

- A avaliación do proceso ten un carácter formativo e permite avaliar o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe mediante unha recollida continua e sistemática de datos. Farase de acordo coa explicación diaria dos contidos, a través dun amplo repertorio de actividades que o alumno desenvolverá ó longo do curso. Estas actividades abarcarán dende a elaboración dun mapa conceptual, a elaboración dunha Wikipedia común, a resolución de exercicios, exposicións e participacións na aula, etc.

  Ademais, revisaranse e valoraranse os seguintes aspectos:

  - Se os contidos foron tratados con profundidade adecuada.

  - Se os obxectivos fosen asequibles.

  - Se a metodoloxía e os medios fosen adecuados.

- A avaliación final ten un carácter sumativo, xa que sintetiza a información máis relevante que se recolleu durante a avaliación continua (da que forma parte) para facer unha valoración global dos resultados ao final de cada período de formación. Tratará de darnos o grao de consecución dos obxectivos por parte do alumno e adquisición das competencias clave. Celebrarase ao final de cada trimestre e proporcionaranos a nota do alumno.

Utilizaranse os seguintes instrumentos de avaliación:

- Uso de probas escritas específicas (PE): trátase de medir os resultados do proceso de ensino-aprendizaxe. As probas teñen condicións estándar para todos os estudantes. Cada pregunta indica a súa puntuación máxima. Faranse dúas probas escritas por avaliación, cada unha ó final de cada Bloque.

  Nas citadas probas, valorarase o progreso do alumno na súa capacidade para analizar adecuadamente gráficos e táboas de contido económico, a resolución de exercicios mediante análise gráfico e matemático, o desenvolvemento adecuado e completo dos temas propostos, precisión e capacidade de síntese en as respostas a preguntas curtas, a elaboración de reflexións e valoracións ben argumentadas e razoadas, o uso correcto da linguaxe económica e financeira do tema, a redacción, a presentación e a ortografía.

  Estas probas poden conter preguntas de resposta breve, preguntas de verdadeiro ou falso e que xustifiquen as respostas en cada caso, resolución de exercicios, interpretación de

gráficos e táboas, desenvolvemento de diferentes temas propostos, avaliación de pequenos textos, preguntas de relacionar contidos, etc.

- Análise das producións do alumno: traballo individual e / ou en grupo (APA). Algúns destes traballos estarán expostos na aula. Neste sentido, a expresión oral valorarase principalmente nos traballos que se presentarán (discurso organizado, fluído e coherente; uso de vocabulario adecuado, participación equilibrada de membros do mesmo grupo), expresión escrita (presentación, ortografía e escritura ), comprensión (respostas precisas e ben argumentadas, relación cos contidos vistos ata a data), o uso adecuado de ferramentas matemáticas e recursos informáticos. Valorarase tamén a participación activa na elaboración destes traballos.

  Os estudantes deben realizar diferentes tipos de traballo como a busca de información sobre un tema dado a partir de preguntas formuladas, resolución de consultas web, preparación de diferentes contidos e presentación dos mesmos na clase, resolución de diferentes casos prácticos ou problemas propostos, elaboración dunha wiki colaborativa, etc.

  Os traballos serán entregados a través da plataforma Edixgal.

- Observación sistemática do alumno na aula (OA): valórase a actitude, a iniciativa e a participación activa e positiva dos alumnos/as, tanto na aula como na plataforma Edixgal. Esta avaliación pretende lograr que o alumno participe activamente nos debates (presenciais ou virtuais), presente as súas opinións e ideas, valoren as dos demais como fonte de enriquecemento persoal, etc.

**11.2 Criterios de calificación.**

Os criterios de calificación son os seguintes:

- Probas específicas escritas (70%): Será a media das probas escritas realizadas en cada avaliación. Advírtese que no caso en que o alumno/a sexa apercibido por estar copiando, obterá una calificaicón de 0 puntos na proba específica correspondente.
- Análise das produccións do alumnado (20%): Traballos individuais ou en grupos.
- Observacións na aula (10%): Intervencións na aula a través da resolución de caso prácticos ou participación na propia aula.

A suma das diferentes notas aplicadas as porcentaxes correspondentes formará unha nota numérica que oscilará entre o 1 e o 10.

Para obter unha nota positiva da materia en cada avaliación será necesario obter unha puntuación global superior a 5 como resultado da aplicación das diferentes porcentaxes

mencionadas anteriormente. En calquer caso o alumno/a superará a materia sempre e cando a media das tres avaliacións sexa superior a 5.

Nese sentido, para o alumnado que teña avaliacións sen superar se realizarán as actividades de recuperación pertinentes no mes de xuño. Polo tanto, aqueles estudantes que teñan avaliacións sen superar serán examinados preferentemente dunha proba escrita de recuperación. A proba presentará o mesmo formato que as realizadas durante o curso. A cualificación obterase facendo a media ponderada da nota desta proba coa nota xa obtida na devandita avaliación na análise de producións e observacións na aula, segundo a porcentaxe estiupulada nos párrafos anteriores. Entenderase que o alumno recuperou a avaliación cando a nota sexa superior a 5.

A cualificación definitiva da materia farase efectiva na avaliación final de curso e realizarase calculando a media aritmética das tres avaliacións. O alumno/a superará a materia sempre e cando a media das tres avaliacións sexa superior a 5.

**12. Seguimento e avaliación do proceso ensinanza-aprendizaxe**

Dado que a avaliación tamén se debe realizar do proceso de ensino e da propia programación, os instrumentos de avaliación neste caso serán:

- Avaliación conxunta cos estudantes sobre os diferentes aspectos da programación.
- A adaptación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado.
- A aprendizaxe acadada polos alumnos.
- As medidas de atención á diversidade aplicadas no centro.
- A utilización dos recursos do centro.
- Procedementos de avaliación do alumnado.
- O material curricular, que terá en conta o uso, a actualización, se respondeu ás expectativas, etc.

Así mesmo, polo menos dúas veces ó trimestre, na reunión do Departamento farase constancia do seguimento da programación. Propóñense os seguintes elementos para avaliar o desenvolvemento e cumprimento da programación.

| ASPECTOS A VALORAR | Valoración | Propuestas de mejora |
|---|---|---|
| 1. Grado de adquisición dos estándares por parte do alumnado<br>2. Distribución temporal dos contidos | | |

| | | |
|---|---|---|
| 3. Validez dos procedimentos, instrumentos de avaliación e criterios de calificación aplicados. | | |
| 4. Eficacia de la metodoloxía. | | |
| 5. Validez dos recursos didácticos e os materiais curriculares. | | |
| 6. Eficacia das medidas de reforzó e atención á diversidade aplicadas. | | |
| 7. Desenvolvemento, no seu caso, dos programas e proxectos en que participe o Departamento. | | |
| 8. Desenvolvemento das TIC na práctica docente. | | |

Todos os mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora constarán nas actas do Departamento de Economía, unha vez feita a análise dos mesmos.

En Coruxo, a 26 de febreiro de 2023

RODRIGUEZ HERMIDA FELIPE DAVID - 36132950L

Firmado digitalmente por RODRIGUEZ HERMIDA FELIPE DAVID - 36132950L
Fecha: 2023.02.26 14:06:46 +01'00'

Felipe David Rodríguez Hermida

Xefe de Departamento de Economía

2022/23

# PROGRAMACIÓN INICIACIÓN Á ACTIVIDADE EMPRENDEDORA E EMPRESARIAL 4º ESO

# CURSO 2022-23

# IES CORUXO

DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA. FELIPE DAVID RODRÍGUEZ HERMIDA

## ÍNDICE

1. Contexto e introdución....2

2. Obxectivos....2

3. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave....4

4. Contidos....4

5. Secuenciación e temporalización dos contidos....5

6. Relación entre os criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave....6

7. Metodoloxía....22

8. Atención á diversidade....23

9. Materiais e recursos didácticos....24

10. Actividades complementarias e extraescolares....24

11. Avaliación....25

11.1 Procedementos e instrumentos da avaliación:....25

11.2 Criterios de calificación....27

12. Seguimento e avaliación do proceso ensinanza-aprendizaxe....28

## 1. Contexto e introdución

O espírito emprendedor é un concepto que abrangue valores persoais tales como a creatividade, a disposición positiva para a innovación e o cambio, a confianza en si mesmo/a, a motivación de logro, o liderado, a aceptación do fracaso como fonte de experiencia, e as actitudes de cooperación e de traballo en equipo. Todas as persoas terán que emprender na súa vida persoal e laboral, terán que innovar e procurar novas respostas, no mundo globalizado e cambiante ao que se enfrontan, aínda que non todas logran levar a cabo un proxecto empresarial propio.

Formar cidadáns e cidadás capaces de asumir riscos, ser innovadores/as, con posibilidade de negociación e pensamento estratéxico, e con capacidade para o emprendemento constitúe o reto desta materia. Inclúe aspectos teóricos e prácticos orientados a preparar o alumnado para unha cidadanía responsable e para a vida profesional; axuda ao coñecemento das actividades e das necesidades das persoas emprendedoras, persegue que poidan responsabilizarse da súa propia carreira e do seu camiño persoal de formación, e da toma das decisións clave na súa vida, ademais da posibilidade de crear un negocio propio ou actuar como innovadores/as no traballo dentro dunha organización.

Esta programación vai dirixida ao alumnado de 4º de ESO do IES de Coruxo, Vigo e foi desenvolvida a partir do Decreto 86/2015 de 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. Realizanse ás adaptacións derivadas da publicación da Orde do 27 de decembro de 2022, relativa ó organización final do curso 2022-23

## 2. Obxectivos

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

## 3. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

A materia contribúe ao desenvolvemento das competencias curriculares. As competencias curriculares tidas son en conta son as seguintes:

a) Comunicación lingüística. (CCL)
b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. (CMCCT)
c) Competencia dixital. (CD)
d) Aprender a aprender. (CA)
e) Competencias sociais e cívicas. (CSC)
f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. (CSIEE)
g) Conciencia e expresións culturais. (CCEC)

No apartado 6. establécese a concreción que recolle a relación dos estándares de aprendizaxe avaliables da materia coas diferentes competencias clave

Esta materia contribúe ao desenvolvemento, ademais, da competencia de sentido de iniciativa emprendedora e espírito emprendedor, que incide na consecución do benestar económico e social da comunidade, así como das competencias de comunicación lingüística e matemática, e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, dixital, sociais e cívicas, e a competencia de aprender a aprender.

## 4. Contidos

En canto ós contidos, ó ser unha materia que non está vencellada con materias de cursos anteriores e, por tanto, ser neste sentido unha materia nova para o alumnado, non se plantexan incluír contidos de materias de cursos anteriores.

Os contidos agrúpanse en seis bloques según a normativa actual

A estrutura desta materia consta de tres grandes bloques: o primeiro, titulado "Autonomía persoal, liderado e innovación", está centrado na descrición das calidades e as destrezas persoais asociadas á iniciativa emprendedora, no repaso das decisións sobre o itinerario vital e a actuación como futuro/a traballador/a; no segundo bloque, "Proxecto de empresa", repásanse as principais áreas e funcións da empresa co obxecto de pór en marcha o proxecto empresarial xurdido da idea de negocio xerado previamente; e para finalizar, un bloque que baixo o título de "Finanzas" analiza as alternativas con que conta a empresa para elixir a súa forma xurídica, as fontes de financiamento do seu proxecto empresarial,a necesidade de planificar as necesidades financeiras e as obrigas fiscais e prever a evolución do negocio, garantindo a súa viabilidade.

## 5. Secuenciación e temporalización dos contidos

Dado que na maioría dos casos o proceso de ensino-aprendizaxe require diferentes ritmos no desenvolvemento dos contidos dos bloques temáticos, segundo as características do grupo, o tempo é indicativo, temporalízase por trimestres.

A materia de IAEE imparte tres horas semanais, en sesións de 50 minutos cada unha, o que supón un total de aproximadamente 96 sesións ata a data prevista da 3ª avaliación o 22 de xuño. Ao mesmo tempo e ao cronometrar o tema por bloques de contido debemos considerar que utilizaremos 3 sesións para realizar a sesión de acolllida e a avaliación inicial , introducir a materia e explicar a metodoloxía e criterios para a avaliación e cualificación e outras 7 sesións que se destinarán en base a unha previsión histórica en actividades complementarias ou extraescolares dalgunha das materias de 4º de ESO ou do propio Centro ou a imprevistos varios.

En total, teremos aproximadamente 86 horas de para distribuír nos diferentes bloques de contido, que pretendemos distribuír do seguinte xeito:

| BLOQUE | TEMPORALIZACIÓN POR TRIMESTRES | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 1° | 2° | 3° | SESIONES ESTIMADAS |
| 1. Autonomía persoal, liderado e innovación | X | | | 30 |
| 2. Proxecto de empresa | | X | X | 30 |
| 3. Finanzas | | | X | 26 |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| TOTAL HORAS LECTIVAS A DISTRIBUIR POR BLOQUES | | | | 86 |

É posible que ao longo do curso se considere necesario realizar unha pequena redistribución das horas previstas para cada bloque, dependendo principalmente do ritmo de aprendizaxe do alumnado

## 6. Relación entre os criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave

A seguinte táboa mostra a relación dos bloques de contido da materia cos criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe avaliables, así como as competencias clave, a temporalización e os instrumentos de avaliación empregados (PE: Probas Específicas; APA: Análise das Produccións do Alumnado; OA: Observación directa na Aula) e o grao mínimo de consecución dos estándares.

| Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial. 4º de ESO | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Competencias clave | Instrumentos avaliación | Grao mínimo consecución estándares |
| Bloque 1. Autonomía persoal, liderado e innovación | | | | | | | |
| ▪ e<br>▪ g | ▪ B1.1.Autonomía e autocoñecemento. A iniciativa emprendedora e o/a empresario/a na sociedade.<br>▪ B1.2.Intereses, aptitudes e motivacións | ▪ B1.1. Describir as calidades persoais e as destrezas asociadas á iniciativa emprendedora, analizando os requisitos de distintos postos de traballo e actividades empresariais. | ▪ IAEEB1.1.1. Identifica as calidades persoais, as actitudes, as aspiracións e a formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, e describe a actividade dos/das empresarios/as e o seu papel na xeración de traballo e benestar social. | ▪ 1º trimestre | ▪ CSIEE<br>▪ CAA | ▪ PE<br>▪ APA<br>▪ OA | ▪ 50 % |

| Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial. 4º de ESO | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Competencias clave | Instrumentos avaliación | Grao mínimo consecución estándares |
| | persoais para a carreira profesional. | | ▪ IAEEB1.1.2. Investiga con medios telemáticos as áreas de actividade profesional do seu contorno, os tipos de empresa que as desenvolven e os postos de traballo en cada unha, razoando os requisitos para o desempeño profesional en cada un deles. | ▪ 1º trimestre | ▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE | ▪ APA<br>▪ OA | ▪ 50 % |
| ▪ b<br>▪ g | ▪ B1.3. Itinerarios formativos e carreiras profesionais. Proceso de procura de emprego en empresas do sector. Autoemprego. Proceso de toma de decisións sobre o itinerario persoal. | ▪ B1.2. Tomar decisións sobre o itinerario vital propio comprendendo as posibilidades de emprego, o autoemprego e a carreira profesional, en relación coas habilidades persoais e as alternativas de formación e aprendizaxe ao longo da vida. | ▪ IAEEB1.2.1. Deseña un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades do ámbito coas calidades e as aspiracións persoais, e valorando a opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida. | ▪ 1º trimestre | ▪ CAA<br>▪ CSIEE | ▪ PE<br>▪ APA<br>▪ OA | ▪ 50 % |

| Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial. 4º de ESO | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Competencias clave | Instrumentos avaliación | Grao mínimo consecución estándares |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ g<br>▪ m | ▪ B1.4. Dereito do traballo.<br>▪ B1.5. Dereitos e deberes derivados da relación laboral.<br>▪ B1.6. Contrato de traballo e negociación colectiva.<br>▪ B1.7. Seguridade Social. Sistema de protección. Emprego e desemprego.<br>▪ B1.8. Protección do/da traballador/a e beneficios sociais.<br>▪ B1.9. Riscos laborais. Normas. Planificación da protección na empresa. | ▪ B1.3. Actuar como futuro/a traballador/a responsable coñecendo os seus dereitos e deberes como tal, valorando a acción do Estado e da Seguridade Social na protección da persoa empregada, e comprendendo a necesidade de protección dos riscos laborais. | ▪ IAEEB1.3.1. Identifica as normas e as institucións que interveñen nas relacións entre os/as traballadores/as e as empresas, en relación co funcionamento do mercado de traballo. | ▪ 1º trimestre | ▪ CSC<br>▪ CSIEE | ▪ PE<br>▪ OA | ▪ 30 % |
| | | | ▪ IAEEB1.3.2. Distingue os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e compróbaos en contratos de traballo e documentos de negociación colectiva. | ▪ 1º trimestre | ▪ CSC<br>▪ CSIEE<br>▪ CMCCT | ▪ PE<br>▪ APA<br>▪ OA | ▪ 50 % |

| Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial. 4º de ESO | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Competencias clave | Instrumentos avaliación | Grao mínimo consecución estándares |
| | | | ▪ IAEEB1.3.3. Describe as bases do sistema da Seguridade Social e as obrigas dos/das traballadores/as e dos/das empresarios/as dentro deste, así como as prestacións mediante procuras nas web institucionais, valorando a súa acción protectora ante as continxencias cubertas. | ▪ 1º trimestre | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE | ▪ PE<br>▪ APA<br>▪ OA | ▪ 50 % |
| | | | ▪ IAEEB1.3.4. Identifica as situacións de risco laboral máis habituais nos sectores de actividade económica máis salientables no ámbito, e indica os métodos de prevención legalmente establecidos, así como as técnicas de primeiros auxilios aplicables en caso de accidente ou dano. | ▪ 1º trimestre | ▪ CSIEE<br>▪ CAA<br>▪ CMCCT | ▪ PE<br>▪ OA | ▪ 50 % |

| Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial. 4º de ESO | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Competencias clave | Instrumentos avaliación | Grao mínimo consecución estándares |
| Bloque 2. Proxecto de empresa | | | | | | | |
| ▪ d<br>▪ g | ▪ B2.1. Idea de proxecto de empresa. Avaliación da idea. O contorno e o papel social da empresa. | ▪ B2.1. Crear un proxecto de empresa na aula e describir as características internas e a súa relación co contorno, así como a súa función social, identificando os | ▪ IAEEB2.1.1. Determina a oportunidade dun proxecto de empresa, identificando as características e tomando parte na actividade que a empresa desenvolve. | ▪ 2º trimestre | ▪ CSIEE<br>▪ CAA | ▪ PE<br>▪ APA<br>▪ OA | ▪ 50 % |

| Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial. 4º de ESO | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Competencias clave | Instrumentos avaliación | Grao mínimo consecución estándares |
| | ▪ B2.2. Elementos e estrutura da empresa.<br>▪ B2.3. Plan de empresa.<br>▪ B2.4. Planificación na empresa. | elementos que constitúen a súa rede loxística como provedores/as, clientela, sistemas de produción e comercialización, redes de almacenaxe, etc. | ▪ IAEEB2.1.2. Identifica as características internas e externas da empresa en proxecto, así como os elementos que constitúen o contono específico desta (mercado, provedores/as, clientela, sistemas de produción e/ou comercialización, almacenaxe, etc.). | ▪ 2º trimestre | ▪ CSIEE<br>▪ CMCCT<br>▪ CD | ▪ PE<br>▪ APA<br>▪ OA | ▪ 50 % |
| | | | ▪ IAEEB2.1.3. Describe a relación da empresa proxectada co seu sector, a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento, e identifica os procedementos de traballo no desenvolvemento do proceso produtivo ou comercial. | ▪ 2º trimestre | ▪ CSIEE<br>▪ CCL<br>▪ CMCCT | ▪ PE<br>▪ APA<br>▪ OA | ▪ 50 % |

| Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial. 4º de ESO | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Competencias clave | Instrumentos avaliación | Grao mínimo consecución estándares |
| | | | ▪ IAEEB2.1.4. Elabora documentos para a planificación das funcións da empresa en proxecto, tanto a longo como a curto prazo. | ▪ 2º trimestre | ▪ CCL<br>▪ CSIEE<br>▪ CMCCT | ▪ APA<br>▪ OA | ▪ 30 % |
| ▪ b<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.5. Información na empresa. Información contable. Información de recursos humanos. Documentos comerciais de cobramento e pagamento. Arquivo. | ▪ B2.2. Identificar e organizar a información das áreas da empresa en proxecto aplicando os métodos correspondentes á tramitación documental empresarial. | ▪ IAEEB2.2.1. Manexa como usuario/a de nivel básico aplicacións informáticas de control e seguimento de clientela, provedores/as e outros, aplicando as técnicas básicas de contabilidade, xestión financeira e comercial e administración de persoal, para a organización da información da empresa proxectada. | ▪ 2º trimestre | ▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CAA | ▪ APA<br>▪ OA | ▪ 30 % |

| Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial. 4º de ESO | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Competencias clave | Instrumentos avaliación | Grao mínimo consecución estándares |
| | | | ▪ IAEEB2.2.2. Transmite información entre as áreas e a clientela da empresa en proxecto, recoñecendo e aplicando técnicas de comunicación e negociación, e aplicando o tratamento protocolario axeitado mediante medios telemáticos e presenciais. | ▪ 2º trimestre | ▪ CCL<br>▪ CSIEE<br>▪ CD<br>▪ CMCCT | ▪ APA<br>▪ OA | ▪ 30 % |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B2.6. Actividades na empresa. Función de produción. Función comercial e de márketing.<br>▪ B2.7.Axudas e apoio á creación de empresas. | ▪ B2.3. Realizar actividades de produción e comercialización propias da empresa proxectada, aplicando técnicas de comunicación e traballo en equipo. | ▪ IAEEB2.3.1. Crea materiais publicitarios e para a difusión dos produtos e/ou servizos obxecto do proxecto, e elabora un plan de comunicación en internet e en redes sociais, aplicando os principios do márketing. | ▪ 2º trimestre | ▪ CCL<br>▪ CSIEE<br>▪ CD<br>▪ CMCCT | ▪ APA<br>▪ OA | ▪ 50 % |

| Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial. 4º de ESO | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Competencias clave | Instrumentos avaliación | Grao mínimo consecución estándares |
| | | | ▪ IAEEB2.3.2. Desenvolve tarefas de produción e/ou comercialización na empresa en proxecto segundo os plans de control prefixados: simulando a toma de decisións para cumprir os prazos e os obxectivos establecidos e propondo melloras, mediante o traballo en equipo. | ▪ 2º trimestre | ▪ CSIEE<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA | ▪ APA<br>▪ OA | ▪ 50 % |
| | | | ▪ IAEEB2.3.3. Compila datos sobre os apoios á creación de empresas tanto do contorno próximo como do territorial, estatal ou europeo, e selecciona as posibilidades que se axusten ao proxecto de empresa formulado. | ▪ 3º trimestre | ▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE | ▪ APA<br>▪ OA | ▪ 30 % |

| Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial. 4º de ESO | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Competencias clave | Instrumentos avaliación | Grao mínimo consecución estándares |
| Bloque 3. Finanzas | | | | | | | |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ g | ▪ B3.1. Tipos de empresa segundo a súa forma xurídica. | ▪ B3.1. Describir as formas xurídicas das empresas en relación coas responsabilidades legais dos/das | ▪ IAEEB3.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e indica as esixencias de capital e responsabilidades propias de cada tipo. | ▪ 3º trimestre | ▪ CSIEE<br>▪ CMCCT | ▪ PE<br>▪ OA | ▪ 50 % |

Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial. 4º de ESO

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Competencias clave | Instrumentos avaliación | Grao mínimo consecución estándares |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ h<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B3.2. Elección da forma xurídica.<br>▪ B3.3. Trámites de posta en marcha dunha empresa. | seus/súas propietarios/a e xestores/as, así como coas esixencias de capital. | ▪ IAEEB3.1.2. Identifica e enumera as administracións públicas implicadas na posta en marcha de empresas, e compila por vía telemática os principais documentos necesarios para a posta en funcionamento. | ▪ 3º trimestre | ▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE | ▪ PE<br>▪ APA<br>▪ OA | ▪ 30 % |
| | | | ▪ IAEEB3.1.3. Valora as tarefas de apoio, rexistro, control e fiscalización que realizan as autoridades no proceso de creación de empresas, e describe os trámites que se deben realizar. | ▪ 3º trimestre | ▪ CSC<br>▪ CMCCT | ▪ APA<br>▪ OA | 30 % |

| Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial. 4º de ESO | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Competencias clave | Instrumentos avaliación | Grao mínimo consecución estándares |
| | | | ▪ IAEEB3.1.4. Selecciona a forma xurídica máis axeitada en cada caso segundo a actividade que se vaia desenvolver, o número de emprendedores/as, o alcance da responsabilidade que se vaia asumir, a complexidade organizativa, a dispoñibilidade financeira e a fiscalidade. | ▪ 3º trimestre | ▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CMCCT | ▪ PE<br>▪ APA<br>▪ OA | ▪ 50 % |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B3.4. Fontes de financiamento das empresas: externas (bancos, axudas e subvencións, e crowdfunding) e internas (accionistas, | ▪ B3.2. Identificar as fontes de financiamento das empresas propias de cada forma xurídica, incluíndo as externas e internas, e valorar as | ▪ IAEEB3.2.1. Determina os investimentos necesarios para a posta en marcha dunha empresa, e distingue as principais partidas relacionadas nun balance de situación. | ▪ 3º trimestre | ▪ CSIEE<br>▪ CMCCT<br>▪ CD | ▪ PE<br>▪ APA<br>▪ OA | ▪ 50 % |

| Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial. 4º de ESO | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Competencias clave | Instrumentos avaliación | Grao mínimo consecución estándares |
| | investidores/as e aplicación de beneficios).<br>▪ B3.5. Produtos financeiros e bancarios para pequenas e medianas empresas (PME): comparación. | máis axeitadas para cada tipo e momento no ciclo de vida da empresa. | ▪ IAEEB3.2.2. Caracteriza de xeito básico as posibilidades de financiamento das empresas, diferenciando o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa. | ▪ 3º trimestre | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CSIEE | ▪ PE<br>▪ APA<br>▪ OA | ▪ 50 % |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ l | ▪ B3.6. Planificación financeira das empresas. Estudo de viabilidade económico-financeira. Proxección da actividade. Instrumentos de análise. Razóns básicas. | ▪ B3.3. Recoñecer a necesidade de planificar o negocio das empresas ligándoa á previsión da evolución do sector e da economía nacional, así como da planificación financeira e fiscal. | ▪ IAEEB3.3.1. Presenta un estudo de viabilidade económico-financeiro a medio prazo do proxecto de empresa, aplicando condicións reais de produtos financeiros analizados e previsións de vendas, segundo un estudo do ámbito mediante unha aplicación informática tipo folla de cálculo, manexando razóns financeiras básicas. | ▪ 3º trimestre | ▪ CD<br>▪ CSIEE<br>▪ CAA<br>▪ CMCCT | ▪ APA | ▪ 30 % |

| Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial. 4º de ESO | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Competencias clave | Instrumentos avaliación | Grao mínimo consecución estándares |
| ▪ ñ | ▪ B3.7. Impostos que afectan as empresas. Calendario fiscal. | | ▪ IAEEB3.3.2. Analiza os produtos financeiros máis axeitados de entre as entidades financeiras do ámbito para cada tipo de empresa, valorando o custo e o risco de cada un, e selecciona os máis acaído para o proxecto de empresa. | ▪ 3º trimestre | ▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CMCCT<br>▪ CD | ▪ APA<br>▪ OA | ▪ 30 % |
| | | | ▪ IAEEB3.3.3. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa actividade e a súa forma xurídica, sinala o funcionamento básico do IAE, IVE, IRPF e IS, e indica as principais diferenzas entre eles. | ▪ 3º trimestre | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CSIEE | ▪ PE<br>▪ OA | ▪ 50 % |

| Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial. 4º de ESO | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Competencias clave | Instrumentos avaliación | Grao mínimo consecución estándares |
| | | | ▪ IAEEB3.3.4. Valora a achega que supón a carga impositiva das empresas á riqueza nacional e ao sostemento das cargas do Estado. | ▪ 3º trimestre | ▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ PE<br>▪ OA | ▪ 30 % |

**7. Metodoloxía**

En liñas xerais a metodoloxía seguirá as seguintes premisas:

1. Promoverase o **traballo autónomo do alumnado**, que será o protagonista do proceso de ensino-aprendizaxe. O papel dos docentes estará orientado cara á mediación entre os coñecementos e as capacidades e os intereses de cada alumno.

2. A participación dos estudantes contribuirá a **desenvolver e consolidar os seus hábitos de estudo e traballo**, favorecendo a tolerancia, a participación e o diálogo, todos eles valores comúns dunha sociedade plural que se preparan para o exercicio dunha cidadanía activa e democrática.

3. Os contidos traballaranse dende un **enfoque práctico**, centrado na observación da realidade baixo un prisma da figura do emprendedor. No estudo da realidade, é necesario partir dos coñecementos e ideas previas dos estudantes para, despois dunha análise racional, científica e crítica dos procesos e feitos económicos observados na realidade, conseguir construír novas aprendizaxes.

4. En paralelo, a materia Economía ofrece unha excelente oportunidade para **mellorar as técnicas de investigación**, que se levarán a cabo no desenvolvemento de diferentes traballos. **Os traballos a realizar tratarán de ter un enfoque investigador** e tratarán de mellorar e **traballar a totalidade das competencias clave** en cada un deles, sempre que sexa posible. Ademáis utilizaranse, na medida do posible, **ferramentas dixitais de traballo colaborativo** para a elaboración de traballos en equipo, valorando sempre a disponibilidade de ordenadores con conectividade do alumnado.

5. As **estratexias metodolóxicas** que se van empregar, escollidas segundo os obxectivos perseguidos, poden asimilarse ás seguintes:

- Estratexias expositivas: os contidos presentaranse dun xeito claro e coherente cos coñecementos previos dos estudantes, apioándose en esquemas, mapas conceptuais, presentacións informáticas ou outros.
- Estratexias de investigación: permitirán desenvolver a capacidade de análise a través da resolución de exercicios sinxelos e a través do desenvolvemento de traballos de investigación para que os estudantes resolvan, saquen conclusións e, segundo o caso, tomen unha decisión que poidan compartir co resto da clase. Os traballos de investigación, incluído o proxecto de empresa, deberán ser entregados ó profesor a través da Aula Vir-

tual e a resolución de exercicios porase en común durante as clases (presenciais ou virtuais).

## 8. Atención á diversidade

É conveniente responder a diversidade de intereses, motivacións, capacidades e estilos de aprendizaxe que manifestan os alumnos. É necesario, entón, ter en conta os diferentes estilos de aprendizaxe dos estudantes e tomar as medidas adecuadas para abordar esta diversidade.

Responder a esta diversidade non é unha tarefa fácil, pero é necesaria, xa que a intención última de calquera proceso educativo é garantir que todo o alumnado sexa capaz de adquirir as aprendizaxes imprescindibles.

En primeiro lugar e partindo do informe do Departamento de Orientación sobre determinados estudantes, estableceranse as medidas o<consideradas e oportunas para a materia e pàra estes alumnos/as; ademáis informaremos ó Departamento de Orientación se se detectan estudantes que carecen de informe previo pero nos que se detectan necesidades educaticas salientables que requiran dun informe do mesmo Departamento e que aconsellen implementar medidas específicas.

Calquera medida sempre tomarase de acordo ós informes recibidos polo Departamento de Orientacióm e en coordinación co profesorado doutras materias.

En segundo lugar intentarase, na medida do posible motivar e reforzar aos que presentan maiores dificultades para a comprensión e estudo da materia, así como fomentar e satisfacer as demandas de quen, pola contra, precisa un maior afondar no estudo do mesmo ou desexar ampliar os seus coñecementos.

A través da selección de actividades, o uso de materiais apropiados e a extensión ou reforzo de contidos en cada caso, intentaremos satisfacer a diversidade que poida haber na aula.

Durante todo o ano, as actividades de recuperación fixaranse periodicamente:

- *As actividades de recuperación* e apoio encaminaránse fundamentalmente ó asentamento de conceptos mínimos necesarios para poder seguir o desenvolvemento da unidade didáctica: cadros conceptuaies, esquemas ou resumos dos temas tratados, que serán elaborados na aula.

En algunhas unidades, as actividades de apoio consistirán na realización de exercicios prácticos que sirvan de reforzó, ademáis de cuestionarios e canles de comunicación telemáticas. Todas estas actividades faranse a través da plataforma informática

- *As actividades de ampliación* consistirán en traballos de investigación, exercicios de maior nivel de complexidade, lectura de artigos e textos con preguntas adxuntas ou outras actividades semellantes. Todas estas actividades faranse a través da plataforma Edixgal e algúns destes traballos poderían ser expostos ou resoltos na aula.

Coas actividades de recuperación-ampliación, atendemos non só a alumnado que presenta problemas no proceso de aprendizaxe, senon tamén a aqueles que alcanzaran no tempo previsto os obxectivos propostos.

## 9. Materiais e recursos didácticos

En IAEE de 4º de ESO o profesor proporcionará os apuntes ó alumnado. Así mesmo, o alumnado debe ter un caderno de traballo ou un gabinete de ficheiros onde o alumno tomará notas, realizará esquemas resumidos e responderá ás cuestións e actividades propostas.

Utilizaranse esquemas explicativos e mapas conceptuais, gráficos e, en xeral, toda a documentación preferentemente dixital que se precise para o desenvolvemento das clases.

A plataforma Virtual utilizarase como ferramenta básica de comunicación entre o alumnado e o profesor, de xeito que a través dela podes descargar documentación da materia, engadir ligazóns de interese, achegar presentacións ou realizar e entregar tarefas (traballos), resolver cuestionarios, etc. Por elo é fundamental á matriculación de todo o alumnado durante os primeiros días do curso.

Para levar a cabo estes traballos é importante poder acceder a un ordenador con conectividade a Internet. Neste sentido ó pertenecer a materia o programa Edixgal suponse que todo o alumnado dispón dun ordenador persoal facilitado pola Consellería, aínda que se preguntará na avaliación inicial se dispoñen de conectividade no fogar.

## 10. Actividades complementarias e extraescolares

Plantéxase a posibilidade de desenvolver como actividade complementaria a visita a un Instituto que teña unha ampla oferta de ciclos formativos. O itinerario formativo forma parte dos contidos impartidos no Bloque I.

As actividades complementarias ou extraescolares faranse sempre que:

1. Calquera actividade complementaria ou extraescolar debe complementarse coaelaboración dun traballo que permita un mellor aproveitamento da visita.
2. Buscarase a interdisciplinariedade da actividade coa colaboración interdepartamental co fin de optimizar os recursos económicos do Centro e/o do alumnado e as horas deste alumnado fora da aula, ademáis de favorecer a relación de contidos entre as distintas materias. Neste caso co Departamento de Orientación.
3. Valorarase o comportamento xeral do grupo para que a visita se desenvolva con éxito.

## 11. Avaliación

### 11.1 Procedementos e instrumentos da avaliación:

A avaliación entenderase como un proceso continuo, o que implica que teña lugar en diferentes momentos:

- A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras sesións do curso co fin de coñecer a situación de partida do alumnado e así axustar a programación ao detectado.
- O deseño seguirá a seguinte estrutura:
    - Situación xeral e emocional do alumnado.
    - Intereses na materia, nivel de coñecementos previos e nivel comptencial
    - Habilidade dixital e dispoñibilidade ordenador con conectividade en horario non lectivo
    - Capacidade de traballo en equipo e aprendizaxe cooperativo
    - Actitude de cara o curso

A avaliación inicial farase principalmente a través dun cuestionario de avaliación inicial desenvolvido na aula e a partires da información recabada do curso 2020-21, así coma outra información relevante obtida na aula durante os primeiros días do curso.

- A avaliación do proceso ten un carácter formativo e permite avaliar o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe mediante unha recollida continua e sistemática de datos. Farase de acordo coa explicación diaria dos contidos, a través dun amplo repertorio de acti-

vidades que o alumno desenvolverá ó longo do curso. Estas actividades abarcarán dende a elaboración dun proxecto de empresa, a análise de vídeos ou artigos empresariais, a resolución de exercicios, exposicións e participacións na aula, etc.

Ademais, revisaranse e valoraranse os seguintes aspectos:

- Se os contidos foron tratados con profundidade adecuada.

- Se os obxectivos fosen asequibles.

- Se a metodoloxía e os medios fosen adecuados.

- A avaliación final ten un carácter sumativo, xa que sintetiza a información máis relevante que se recolleu durante a avaliación continua (da que forma parte) para facer unha valoración global dos resultados ao final de cada período de formación. Tratará de darnos o grao de consecución dos obxectivos por parte do alumno e adquisición das competencias clave. Celebrarase ao final de cada trimestre e proporcionaranos a nota do alumno.

Utilizaranse os seguintes instrumentos de avaliación como:

- Uso de probas escritas específicas (PE): trátase de medir os resultados do proceso de ensino-aprendizaxe. As probas teñen condicións estándar para todos os estudantes. Cada pregunta indica a súa puntuación máxima. Farase entre unha e dúas probas por Bloque, dependendo das disficultades mostradas polo alumnado.

  Nas citadas probas, o progreso do alumno na súa capacidade para resolver situación propostas de forma razoada, a resolución de exercicios mediante ferramentas matemáticas, a relación de conceptos, precisión e capacidade de síntese en as respostas a preguntas curtas, a elaboración de reflexións e valoracións ben argumentadas e razoadas, o uso correcto da linguaxe económica e financeira do tema, a redacción, a presentación e a ortografía.

  Estas probas poden conter preguntas variadas como Verdadeiro ou Falso, elixe a resposta/s correcta/s, completar os ocos baleiros, resolución pequenos casos prácticos, resolución de problemas, preguntas breves con respostas breves…

- Análise das producións do alumnado: traballo individual e / ou en grupo (APA). Algúns destes traballos serán expostos na aula utilizando a plataforma institucional pertinente proporcionada pola Consellería, ademais da entrega pertinente dos mesmos ao profesor (a través da plataforma Virtual). Neste sentido, a expresión oral valorarase principalmente nos traballos que se presentarán (discurso organizado, fluído e coherente; uso de vocabulario adecuado, participación equilibrada de membros do mesmo grupo), expresión escrita (presenta-

ción, ortografía e escritura ), comprensión (respostas precisas e ben argumentadas, relación cos contidos vistos ata a data), o uso adecuado de ferramentas matemáticas e recursos informáticos. Valorarase tamén a participación activa na elaboración destes traballos.

Os estudantes deben realizar diferentes tipos de traballo como o proxecto de empresa, a resposta de preguntas a partires dun artigo ou proxección dun documento visual , resolución de diferentes casos prácticos ou problemas propostos, etc.

Os traballos serán entregados a través da plataforma Virtual.

- Observación sistemática do alumno na aula (OA): valórase a actitude, a iniciativa e a participación activa e positiva dos alumnos/as, tanto na aula como na plataforma Virtual. Esta avaliación pretende lograr que o alumno participe activamente nos debates (presenciais ou virtuais), presente as súas opinións e ideas, valoren as dos demais como fonte de enriquecemento persoal, etc.

**11.2 Criterios de calificación.**

Os criterios de calificación son os seguintes:

- Probas específicas escritas (40%): Será a media das probas escritas realizadas en cada avaliación. Advírtese que no caso en que o alumno/a sexa apercibido por estar copiando, obterá una calificaicón de 0 puntos na proba específica correspondente.
- Análise das produccións do alumnado (50%): Traballos individuais ou en grupos, ademáis de o propio proxecto de empresa
- Observacións na aula (10%): Intervencións na aula a través da resolución de caso prácticos ou participación na propia aula.

A suma das diferentes notas aplicadas as porcentaxes correspondentes formará unha nota numérica que oscilará entre o 1 e o 10.

Para obter unha nota positiva da materia en cada avaliación será necesario obter unha puntuación global superior a 5 como resultado da aplicación das diferentes porcentaxes mencionadas anteriormente. En calquer caso o alumno/a superará a materia sempre e cando a media das tres avaliacións sexa superior a 5.

En calquer aqueles estudantes que teñan avaliacións sen superar serán examinados preferentemente dunha proba escrita de recuperación. A proba presentará o mesmo formato que as realizadas durante a avaliación. A cualificación obterase facendo a media ponderada da nota desta

proba coa nota xa obtida na devandita avaliación na análise de producións e observacións na aula, segundo a porcentaxe estiupulada. Entenderase que o alumno recuperou a avaliación cando a nota sexa superior a 5.

A cualificación definitiva da materia farase efectiva na avaliación final de curso e realizarase calculando a media aritmética das tres avaliacións. O alumno/a superará a materia sempre e cando a media das tres avaliacións sexa superior a 5.

## 12. Seguimento e avaliación do proceso ensinanza-aprendizaxe

Dado que a avaliación tamén se debe realizar do proceso de ensino e da propia programación, os instrumentos de avaliación neste caso serán:

- Avaliación conxunta cos estudantes sobre os diferentes aspectos da programación.
- A adaptación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado.
- A aprendizaxe acadada polos alumnos.
- As medidas de atención á diversidade aplicadas no centro.
- A utilización dos recursos do centro.
- Procedementos de avaliación do alumnado.
- O material curricular, que terá en conta o uso, a actualización, se respondeu ás expectativas, etc.

Así mesmo, polo menos dúas veces ó trimestre, na reunión do Departamento farase constancia do seguimento da programación. Propóñense os seguintes elementos para avaliar o desenvolvemento e cumprimento da programación.

| ASPECTOS A VALORAR | Valoración | Propuestas de mejora |
|---|---|---|
| 1. Grado de adquisición dos estándares por parte do alumnado<br>2. Distribución temporal dos contidos | | |
| 3. Validez dos procedimentos, instrumentos de avaliación e criterios de calificación aplicados. | | |
| 4. Eficacia de la metodoloxía. | | |
| 5. Validez dos recursos didácticos e os materiais curriculares. | | |
| 6. Eficacia das medidas de reforzó e atención á diversidade aplicadas. | | |
| 7. Desenvolvemento, no seu caso, dos programas e proxectos en que participe o Departamento. | | |
| 8. Desenvolvemento das TIC na práctica docente. | | |

Todos os mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora constarán nas actas do Departamento de Economía, unha vez feita a análise dos mesmos.

En Coruxo, a 26 de febreiro de 2023

RODRIGUEZ HERMIDA FELIPE DAVID - 36132950L

Firmado digitalmente por RODRIGUEZ HERMIDA FELIPE DAVID - 36132950L
Fecha: 2023.02.26 14:08:09 +01'00'

Felipe David Rodríguez Hermida

Xefe de Departamento de Economía

2022/23

# PROGRAMACIÓN ECONOMÍA DA EMPRESA 2 º BACHARELATO CURSO 2022-23 IES CORUXO

DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA. FELIPE DAVID RODRÍGUEZ  HERMIDA

# ÍNDICE


**1. Contexto e introdución** ........ 3

**2. Obxectivos** ........ 3

**3. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave** ........ 5

**4. Contidos** ........ 5

**5. Secuenciación e temporalización dos contidos** ........ 6

**6. Relación entre os criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave** ........ 8

**7. Metodoloxía** ........ 25

**8. Atención á diversidade** ........ 26

**9. Materiais e recursos didácticos** ........ 27

**10. Actividades complementarias e extraescolares** ........ 27

**11. Avaliación** ........ 28

**11.1 Procedementos e instrumentos da avaliación. Avaliación inicial** ........ 28
**11.2 Criterios de calificación** ........ 30

**12. Seguimento e avaliación do proceso ensinanza-aprendizaxe** ........ 31

## 1. Contexto e introdución

A Economía da Empresa trata de explicar a realidade empresarial, como unha rama da economía especializada nun determinado suxeito económico: a empresa. Trátase dunha ciencia que, por unha banda, procura a explicación do fenómeno económico da empresa e, por outra, a actuación sobre ela para alcanzar certos fins. A tendencia actual diríxese a tratar de converter esta disciplina nun corpo de coñecementos interdisciplinarios que traten calquera problema que se formule na empresa.

A empresa é un axente esencial da actividade económica. As empresas constitúen as células elementais de produción que integran o organismo económico a través das cales se conseguen os obxectivos macroeconómicos e, por iso, ocupan a atención dos/das economistas. É na economía contemporánea onde acha a súa plenitude, xa que a división do traballo, a especialización, o desenvolvemento do sistema monetario e a amplitude do mercado crearon o clima necesario para que se dea con precisión e características peculiares a unidade autónoma de produción, que constitúe o obxecto real da economía da empresa. Nesta materia traballaranse cuestións como a razón da existencia das empresas, as súas características, os tipos de organización e de funcionamento, e os factores que inflúen na toma de decisións.

Esta programación vai dirixida ao alumnado de 2º de bacharelato do IES de Coruxo, Vigo desenvolvida a partir do Decreto 86/2015 de 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

## 2. Obxectivos

Os obxectivos do Bacharelato son os seguintes:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das

persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa,traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

## 3. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

A materia Economía contribúe ao desenvolvemento das competencias curriculares. As competencias curriculares tidas son en conta son as seguintes:

a) Comunicación lingüística. (CCL)

b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. (CMCCT)

c) Competencia dixital. (CD)

d) Aprender a aprender. (CA)

e) Competencias sociais e cívicas. (CSC)

f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. (CSIEE)

g) Conciencia e expresións culturais. (CCEC)

No apartado 6. establécese a concreción que recolle a relación dos estándares de aprendizaxe avaliables da materia coas diferentes competencias clave

A materia permite o fomento dunha cultura e dun xeito de pensar empresarial, onde se exerciten e medren a creatividade e o espírito de innovación, e se incentive a elaboración de reflexións persoais e a toma de decisións fundamentadas, así como a concepción do erro como fonte de progreso e aprendizaxe. Tamén ha contribuír ao desenvolvemento da competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, de comunicación lingüística e dixital, da capacidade de aprender a aprender, e do sentido da iniciativa e o espírito emprendedor.

## 4. Contidos

Os contidos agrúpanse en sete bloques según a normativa actual.

A materia, que emprega un enfoque de presentación baseado na análise de distintas áreas e funcións da empresa, estrutúrase nos bloques seguintes: "A empresa", no que se describen os seus elementos, as súas funcións e os seus obxectivos; "Desenvolvemento da empresa", onde se fai unha análise das decisións de dimensión e localización, e das estratexias de crecemento; "Organización e dirección da empresa", no que se explica a planificación, a organización e a xestión dos recursos da empresa; "A función produtiva", para analizar os procesos produtivos e a estrutura de ingresos e custos derivada deles; "A función comercial da empresa", que repasa as principais decisións da empresa na comercialización dos seus produtos e/ou servizos; "A información na empresa", para comprender a importancia de contar con datos e información relevante e precisa na toma de decisións e no cumprimento das obrigas fiscais; e finalmente "A función financeira", onde

se trata de analizar os aspectos salientables das decisión de investimento e financiamento na empresa.

## 5. Secuenciación e temporalización dos contidos

Dado que na maioría dos casos o proceso de ensino-aprendizaxe require diferentes ritmos no desenvolvemento dos contidos dos bloques temáticos, segundo as características do grupo, o tempo é indicativo, temporalízase por trimestres.

A materia de Economía da Empresa se imparte en catro horas semanais, en sesións de 50 minutos cada unha, o que supón un total de aproximadamente 115 sesións (rematando as clases ordinarias previsiblemente a semana do 17 de maio). Ao mesmo tempo e ao cronometrar o tema por bloques de contido debemos considerar que utilizaremos 3 sesións para realizar a avaliación inicial, introducir a materia, explicar a utilización da aula Virtual e explicar a metodoloxía e criterios para a avaliación e cualificación, 2 sesións para realizar exames finais en maio e corrección dos mesmos coas explicacións oportunas sobre a cualificación final da materia, e outras 3 sesións que se destinarán en base a unha previsión histórica en actividades complementarias ou extraescolares dalgunha das materias de 2º de Bacharelato ou do propio Centro.

En total teremos aproximadamente 107 horas lectivas para distribuír nos diferentes bloques de contido, que pretendemos distribuír do seguinte xeito:

| BLOQUE | TEMPORALIZACIÓN POR TRIMESTRES | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 1° | 2° | 3° | SESIÓNS ESTIMADAS |
| 1. A empresa | X | | | 12 |
| 2. Desenvolvemento da empresa | | | X | 10 |
| 3. Organización e dirección da empresa | | | X | 10 |
| 4. A función produtiva | X | | | 25 |
| 5. A función comercial | | X | | 10 |
| 6. A información na empresa | | X | | 25 |
| 7. A función financieira | | | X | 15 |
| TOTAL HORAS LECTIVAS A DISTRIBUIR POR BLOQUES | | | | 107 |

Comenzarase o curso impartindo o Bloque I, Bloque introductorio da empresa para continuar posteriormente con un Bloque de carácter máis práctico como é o Bloque IV (a función produtiva), impartindo a continuación o Bloque V, VI e VII, deixando os Bloques II e III cara ó final do curso.

Esto contémplase deste xeito por dúas razóns principais: en primeiro lugar os Bloques II e III requiren unha comprensión dos aspectos máis globais da empresa que requiren ou axudan os coñecementos adquiridos noutros bloques e, en segundo lugar, esta distribución temporal dos bloques combina de forma máis dinámica a parte máis teórica a práctica da materia.

É posible que ao longo do curso se considere necesario realizar unha pequena redistribución das horas previstas para cada bloque, dependendo principalmente do ritmo de aprendizaxe do alumnado.

A partires de mediados de maio adicaranse as sesións restantes (e ata a finalización do curso) a preparación e realización das probas de carácter extraordinario para aqueles alumnos e alumnas que non superen a materia na convocatoria ordinaria e actividades de reforzo e/ou ampliación para aquel alumnado que xa ten a materia superada na convocatoria ordinaria e se vai presentar as probas da ABAU na materia de Economía da Empresa ou para alumnado interesado.

## 6. Relación entre os criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave

A seguinte táboa mostra a relación dos bloques de contido da materia cos criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe avaliables, así como as competencias clave, a temporalización e os instrumentos de avaliación empregados (PE: Probas Específicas; APA: Análise das Produccións do Alumnado; OA: Observación directa na Aula) e o grao mínimo de consecución dos obxectivos.

| Economía da Empresa. 2º de bacharelato | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Competencias clave | Instrumentos de avaliación | Grao mínimo de consecución dos estándares |
| Bloque 1. A empresa | | | | | | | |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B1.1. A empresa e o/a empresario/a.<br>▪ B1.2. Elementos, funcións e obxectivos da empresa.<br>▪ B1.3. Clases de empresas.<br>▪ B1.4. Marco xurídico da actividade empresarial. | ▪ B1.1. Describir e interpretar os elementos da empresa, as clases de empresas e as súas funcións na economía, así como as formas xurídicas que adoptan, e relacionar con cada unha as responsabilidades legais dos/das propietarios/as e xestores/as, e as esixencias de capital. | ▪ EEB1.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relacióna as coas esixencias de capital e coas responsabilidades para cada tipo. | ▪ 1º trimestre | ▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIE | ▪ PE<br>▪ OA | ▪ 50 % |
| | | | ▪ EEB1.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresa máis apropiadas en cada caso en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas. | ▪ 1º trimestre | ▪ CD<br>▪ CMCCT | ▪ PE<br>▪ OA<br>▪ APA | ▪ 50 % |
| | | | ▪ EEB1.1.3. Analiza, para un determinado caso práctico, os criterios de clasificación de empresas: segundo a natureza da actividade que desenvolven, a súa dimensión, o nivel tecnolóxico que alcanzan, o tipo de mercado en que operan, | ▪ 1º trimestre | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CMCCT | ▪ PE<br>▪ APA<br>▪ OA | ▪ 50 % |

| Economía da Empresa. 2º de bacharelato | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Competencias clave | Instrumentos de avaliación | Grao mínimo de consecución dos estándares |
| | | | a fórmula xurídica que adoptan, e o seu carácter público ou privado. | | | | |
| | | | ▪ EEB1.1.4. Describe os elementos da empresa en relación coas funcións que desenvolven e os obxectivos que procuran dentro do sistema. | ▪ 1º trimestre | ▪ CCL<br>▪ CSIEE | ▪ PE<br>▪ OA | ▪ 50 % |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m<br>▪ p | ▪ B1.5. Contorno da empresa.<br>▪ B1.6. Responsabilidade social e ambiental da empresa.<br>▪ B1.7. Funcionamento e creación de valor. | ▪ B1.2. Identificar e analizar os trazos principais do contorno en que a empresa desenvolve a súa actividade e explicar, a partir deles, as estratexias e as decisións adoptadas, e as posibles implicacións sociais e ambientais da súa actividade. | ▪ EEB1.2.1. Identifica os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu contorno, así como a forma de relacionar co seu contorno máis próximo. | ▪ 1º trimestre | ▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE | ▪ PE<br>▪ OA | ▪ 30 % |
| | | | ▪ EEB1.2.2. Analiza a relación entre empresa, sociedade e ambiente, e valora os efectos positivos e negativos das actuacións das empresas nas esferas social e ambiental. | ▪ 1º trimestre | ▪ CD<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE | ▪ PE<br>▪ OA | ▪ 50 % |
| | | | ▪ EEB1.2.3. Analiza a actividade das empresas como elemento | ▪ 1º trimestre | ▪ CSC<br>▪ CSIEE | ▪ PE<br>▪ OA | ▪ 50 % |

| Economía da Empresa. 2º de bacharelato | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Competencias clave | Instrumentos de avaliación | Grao mínimo de consecución dos estándares |
| | | | dinamizador de progreso, estimando a súa creación de valor para a sociedade e para a cidadanía. | | | | |
| Bloque 2. Desenvolvemento da empresa | | | | | | | |
| ▪ d<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B2.1. Localización e dimensión empresarial.<br>▪ B2.2. Estratexias de crecemento interno e externo.<br>▪ B2.3. Pequenas e medianas empresas: estratexias de mercado.<br>▪ B2.4. Importancia das pequenas e medianas empresas (PME) na economía.<br>▪ B2.5. Internacionalización, competencia global e tecnoloxía.<br>▪ B2.6. Empresa multinacional: aspectos positivos e negativos | ▪ B2.1. Identificar e analizar as estratexias de crecemento e as decisións tomadas polas empresas, tendo en consideración as características do marco global en que actúan. | ▪ EEB2.1.1. Describe e analiza os factores que determinan a localización e a dimensión dunha empresa, e valora a transcendencia futura para a empresa desas decisións. | ▪ 3º trimestre | ▪ CCL<br>▪ CMCCT | ▪ PE<br>▪ OA | ▪ 50 % |
| | | | ▪ EEB2.1.2. Valora o crecemento da empresa como estratexia competitiva e relaciona as economías de escala coa dimensión óptima da empresa. | ▪ 3º trimestre | ▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE | ▪ PE<br>▪ OA | ▪ 30 % |
| | | | ▪ EEB2.1.3. Identifica e explica as estratexias de especialización e diversificación. | ▪ 3º trimestre | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE | ▪ PE<br>▪ OA | ▪ 50 % |

| Economía da Empresa. 2º de bacharelato | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Competencias clave | Instrumentos de avaliación | Grao mínimo de consecución dos estándares |
| | do seu funcionamento. | | ▪ EEB2.1.4. Analiza as estratexias de crecemento interno e externo a partir de supostos concretos. | ▪ 3º trimestre | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CMCCT | ▪ PE<br>▪ OA | ▪ 50 % |
| | | | ▪ EEB2.1.5. Examina o papel das pequenas e das medianas empresas no noso país, e valora as súas estratexias e as súas formas de actuar, así como as súas vantaxes e os seus inconvenientes. | ▪ 3º trimestre | ▪ CSC<br>▪ CSIEE | ▪ PE<br>▪ OA | ▪ 50 % |
| | | | ▪ EEB2.1.6. Describe as características e as estratexias de desenvolvemento da empresa multinacional, e valora a importancia da responsabilidade social e ambiental. | ▪ 3º trimestre | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CMCCT | ▪ PE<br>▪ OA | ▪ 50 % |
| | | | ▪ EEB2.1.7. Estuda o impacto da incorporación da innovación e das novas tecnoloxías na estratexia da empresa, e relaciónao coa | ▪ 3º trimestre | ▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC | ▪ PE<br>▪ OA | ▪ 30 % |

| Economía da Empresa. 2º de bacharelato | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Competencias clave | Instrumentos de avaliación | Grao mínimo de consecución dos estándares |
| | | | capacidade para competir de xeito global. | | | | |
| Bloque 3. Organización e dirección da empresa | | | | | | | |
| ▪ d<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m<br>▪ p | ▪ B3.1. División técnica do traballo e necesidade de organización no mercado actual.<br>▪ B3.2. Funcións básicas da dirección.<br>▪ B3.3. Planificación e toma de decisións estratéxicas.<br>▪ B3.4. Organización formal e informal da empresa: deseño e análise da súa estrutura.<br>▪ B3.5. A xestión dos recursos humanos e a súa incidencia na motivación.<br>▪ B3.6. Os conflitos de intereses e as súas vías de negociación. | ▪ B3.1. Explicar a planificación, a organización e a xestión dos recursos dunha empresa, valorando as posibles modificacións para realizar en función do ámbito en que desenvolve a súa actividade e dos obxectivos formulados. | ▪ EEB3.1.1. Reflexiona sobre a división técnica do traballo nun contexto global de interdependencia económica para valorar as súas consecuencias sociais. | ▪ 3º trimestre | ▪ CMCCT<br>▪ CSC | ▪ OA | ▪ 30 % |
| | | | ▪ EEB3.1.2. Describe a estrutura organizativa, o estilo de dirección, as canles de información e de comunicación, o grao de participación na toma de decisións e a organización informal da empresa. | ▪ 3º trimestre | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE | ▪ PE<br>▪ OA | ▪ 50 % |
| | | | ▪ EEB3.1.3. Identifica a función de cada área de actividade da empresa (aprovisionamento, | ▪ 3º trimestre | ▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE | ▪ PE<br>▪ OA | ▪ 50 % |

| Economía da Empresa. 2º de bacharelato | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Competencias clave | Instrumentos de avaliación | Grao mínimo de consecución dos estándares |
| | | | produción e comercialización, investimento e financiamento, recursos humanos e administrativa), así como as súas interrelacións. | | | | |
| | | | ▪ EEB3.1.4. Investiga sobre a organización nas empresas do seu ámbito máis próximo e identifica vantaxes e inconvenientes, detecta problemas para solucionar, e describe propostas de mellora. | ▪ 3º trimestre | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE | ▪ PE<br>▪ OA | ▪ 50 % |
| | | | ▪ EEB3.1.5. Aplica os seus coñecementos a unha organización concreta, para detectar problemas e propor melloras. | ▪ 3º trimestre | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE | ▪ PE<br>▪ OA | ▪ 30 % |
| | | | ▪ EEB3.1.6. Valora a importancia dos recursos humanos nunha empresa e analiza diferentes maneiras de abordar a súa xestión e a | ▪ 3º trimestre | ▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE | ▪ PE<br>▪ OA | ▪ 50 % |

| Economía da Empresa. 2º de bacharelato | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Competencias clave | Instrumentos de avaliación | Grao mínimo de consecución dos estándares |
| | | | súa relación coa motivación e a produtividade. | | | | |
| Bloque 4. A función produtiva | | | | | | | |
| ▪ a<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B4.1. Produción e proceso produtivo.<br>▪ B4.2. Función de produción. Produtividade e eficiencia<br>▪ B4.3. Investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i) como elementos clave para o cambio tecnolóxico e a mellora da competitividade empresarial. | ▪ B4.1. Analizar procesos produtivos desde a perspectiva da eficiencia e a produtividade, e recoñecer a importancia da I+D+i. | ▪ EEB4.1.1. Realiza cálculos da produtividade de distintos factores e interpreta os resultados obtidos, coñecendo medios e alternativas de mellora da produtividade nunha empresa. | ▪ 1º trimestre | ▪ CD<br>▪ CMCCT | ▪ PE<br>▪ APA<br>▪ OA | ▪ 50 % |
| | | | ▪ EEB4.1.2. Analiza e valora a relación entre a produtividade e os salarios dos/das traballadores/as. | ▪ 1º trimestre | ▪ CMCCT<br>▪ CSC | ▪ PE<br>▪ OA | ▪ 30 % |
| | | | ▪ EEB4.1.3. Reflexiona sobre a importancia para a sociedade e para a empresa da investigación e da innovación tecnolóxica en relación coa competitividade e o crecemento. | ▪ 1º trimestre | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC | ▪ PE<br>▪ APA<br>▪ OA | ▪ 30 % |

| Economía da Empresa. 2º de bacharelato | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Competencias clave | Instrumentos de avaliación | Grao mínimo de consecución dos estándares |
| ▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B4.4. Custos: clasificación e cálculo dos custos na empresa.<br>▪ B4.5. Cálculo e interpretación do limiar de rendibilidade da empresa. | ▪ B4.2. Determinar a estrutura de ingresos e custos dunha empresa, calculando o seu beneficio e o seu limiar de rendibilidade, a partir dun suposto formulado. | ▪ EEB4.2.1. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda xerados ao longo do exercicio económico, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados. | ▪ 1º trimestre | ▪ CD<br>▪ CMCCT | ▪ PE<br>▪ APA<br>▪ OA | ▪ 50 % |
| | | | ▪ EEB4.2.2. Identifica e calcula os tipos de custos, ingresos e beneficios dunha empresa, e represéntaos graficamente. | ▪ 1º trimestre | ▪ CD<br>▪ CMCCT | ▪ PE<br>▪ APA<br>▪ OA | ▪ 50 % |
| | | | ▪ EEB4.2.3. Calcula o limiar de vendas (de rendibilidade) necesario para a supervivencia da empresa. | ▪ 1º trimestre | ▪ CD<br>▪ CMCCT | ▪ PE<br>▪ APA<br>▪ OA | ▪ 50 % |
| | | | ▪ EEB4.2.4. Analiza os métodos custo beneficio e custo eficacia como instrumentos de medida e avaliación que axudan á toma de decisións. | ▪ 1º trimestre | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE | ▪ PE<br>▪ APA<br>▪ OA | ▪ 50 % |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B4.6. Os inventarios da empresa e os seus | ▪ B4.3. Describir os conceptos fundamentais | ▪ EEB4.3.1. Identifica os custos que xera o | ▪ 1º trimestre | ▪ CD<br>▪ CMCCT | ▪ PE<br>▪ OA | ▪ 50 % |

| Economía da Empresa. 2º de bacharelato | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Competencias clave | Instrumentos de avaliación | Grao mínimo de consecución dos estándares |
| ▪ m | custos. Modelos de xestión de inventarios. | do ciclo de inventario e manexar os modelos de xestión. | almacén e resolve casos prácticos sobre o ciclo de inventario. | | | | |
| | | | ▪ EEB4.3.2. Valora as existencias en almacén mediante diferentes métodos. | ▪ 1º trimestre | ▪ CD<br>▪ CMCCT | ▪ PE<br>▪ OA | ▪ 50 % |
| | | | ▪ EEB4.3.3. Valora a relación entre o control de inventarios e a produtividade e a eficiencia nunha empresa. | ▪ 1º trimestre | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE | ▪ PE<br>▪ OA | ▪ 30 % |
| Bloque 5. A función comercial da empresa | | | | | | | |
| ▪ d<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B5.1. Departamento comercial da empresa<br>▪ B5.2. Concepto e clases de mercado.<br>▪ B5.3. Técnicas de investigación de mercados.<br>▪ B5.4. Comportamento do/da consumidor/a e segmentación de mercados. | ▪ B5.1. Analizar as características do mercado e explicar, de acordo con elas, as políticas de márketing aplicadas por unha empresa ante diferentes situacións e obxectivos. | ▪ EEB5.1.1. Caracteriza un mercado en función de diferentes variables como, por exemplo, o número de competidores e o produto vendido. | ▪ 2º trimestre | ▪ CSIEE | ▪ PE<br>▪ APA<br>▪ OA | ▪ 50 % |
| | | | ▪ EEB5.1.2. Identifica e adapta a cada caso concreto as estratexias e os enfoques de márketing. | ▪ 2º trimestre | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CMCCT | ▪ PE<br>▪ APA<br>▪ OA | ▪ 50 % |

| Economía da Empresa. 2º de bacharelato | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Competencias clave | Instrumentos de avaliación | Grao mínimo de consecución dos estándares |
| | ▪ B5.5. Variables do márketing-mix e elaboración de estratexias.<br>▪ B5.6. Estratexias de márketing e ética empresarial.<br>▪ B5.7. Tecnoloxías da información e das comunicacións e márketing. | | ▪ EEB5.1.3. Interpreta e valora estratexias de márketing, incorporando nesa valoración consideracións de carácter ético, social e ambiental. | ▪ 2º trimestre | ▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE | ▪ PE<br>▪ APA<br>▪ OA | ▪ 50 % |
| | | | ▪ EEB5.1.4. Comprende e explica as fases e as etapas da investigación de mercados. | ▪ 2º trimestre | ▪ CCL<br>▪ CMCCT | ▪ PE<br>▪ OA | ▪ 30 % |
| | | | ▪ EEB5.1.5. Aplica criterios e estratexias de segmentación de mercados en casos prácticos. | ▪ 2º trimestre | ▪ CD<br>▪ CMCCT | ▪ PE<br>▪ APA<br>▪ OA | ▪ 50 % |
| | | | ▪ EEB5.1.6. Analiza e valora as oportunidades de innovación e transformación do márketing que xorden co desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación. | ▪ 2º trimestre | ▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC | ▪ PE<br>▪ APA<br>▪ OA | ▪ 50 % |
| | | | ▪ EEB5.1.7. Describe a organización e o | ▪ 2º trimestre | ▪ CCL<br>▪ CMCCT | ▪ PE<br>▪ OA | ▪ 30 % |

| Economía da Empresa. 2º de bacharelato | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Competencias clave | Instrumentos de avaliación | Grao mínimo de consecución dos estándares |
| | | | funcionamento do departamento comercial da empresa. | | | | |
| | | | ▪ EEB5.1.8. Determina as necesidades da clientela en relación coas características dos produtos ou dos servizos ofrecidos pola empresa. | ▪ 2º trimestre | ▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC | ▪ PE<br>▪ APA<br>▪ OA | ▪ 30 % |
| Bloque 6. A información na empresa | | | | | | | |
| ▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B6.1. Obrigas contables da empresa.<br>▪ B6.2. A composición do patrimonio e a súa valoración.<br>▪ B6.3. Resultados da empresa.<br>▪ B6.4. As contas anuais e a imaxe fiel.<br>▪ B6.5. Elaboración do balance e da conta de perdas e ganancias.<br>▪ B6.6. Análise e interpretación da información contable. | ▪ B6.1. Identificar os datos máis salientables do balance e da conta de perdas e ganancias, explicar o seu significado, diagnosticar a situación a partir da información obtida e propor medidas para a súa mellora. | ▪ EEB6.1.1. Recoñece os elementos patrimoniais e a función que teñen asignada. | ▪ 2º trimestre | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE | ▪ PE<br>▪ OA | ▪ 50 % |
| | | | ▪ EEB6.1.2. Identifica, valora e clasifica os bens, os dereitos e as obrigas da empresa en masas patrimoniais. | ▪ 2º trimestre | ▪ CMCCT | ▪ PE<br>▪ OA | ▪ 50 % |
| | | | ▪ EEB6.1.3. Interpreta a correspondencia entre os investimentos e o seu financiamento. | ▪ 2º trimestre | ▪ CAA | ▪ PE<br>▪ OA | ▪ 50 % |
| | | | ▪ EEB6.1.4. Detecta posibles desaxustes no equilibrio patrimonial, | ▪ 2º trimestre | ▪ CMCCT | ▪ PE<br>▪ OA | ▪ 50 % |

| Economía da Empresa. 2º de bacharelato | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Competencias clave | Instrumentos de avaliación | Grao mínimo de consecución dos estándares |
| | | | na solvencia e no apancamento da empresa, mediante a utilización de rateos. | | | | |
| | | | ▪ EEB6.1.5. Propón medidas correctoras axeitadas en caso de se detectar desaxustes patrimoniais ou financeiros. | ▪ 2º trimestre | ▪ CAA<br>▪ CSIEE | ▪ PE<br>▪ OA | ▪ 50 % |
| | | | ▪ EEB6.1.6. Recoñece a importancia do dominio das operacións matemáticas e dos procedementos propios das ciencias sociais como ferramentas que facilitan a solución de problemas empresariais. | ▪ 2º trimestre | ▪ CMCCT<br>▪ CD | ▪ OA | ▪ 30 % |
| | | | ▪ EEB6.1.7. Recoñece a conveniencia do equilibrio económico, patrimonial e financeiro da empresa. | ▪ 2º trimestre | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE | ▪ PE<br>▪ OA | ▪ 30 % |
| | | | ▪ EEB6.1.8. Valora a importancia da información na toma de decisións. | ▪ 2º trimestre | ▪ CAA<br>▪ CSIEE | ▪ PE<br>▪ OA | ▪ 30 % |

| Economía da Empresa. 2º de bacharelato | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Competencias clave | Instrumentos de avaliación | Grao mínimo de consecución dos estándares |
| | | | ▪ EEB6.1.9. Calcula o resultado do exercicio económico da empresa, empregando os criterios de imputación aplicables. | ▪ 2º trimestre | ▪ CD<br>▪ CMCCT | ▪ PE<br>▪ OA | ▪ 50 % |
| | | | ▪ EEB61.10. Identifica, interpreta e clasifica os elementos do resultado da empresa. | ▪ 2º trimestre | ▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE | ▪ PE<br>▪ OA | ▪ 50 % |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B6.7. Fiscalidade empresarial: principais figuras impositivas e elementos clave do súa estrutura e do seu funcionamento. | ▪ B6.2. Recoñecer a importancia do cumprimento das obrigas fiscais e explicar os impostos que afectan as empresas. | ▪ EEB6.2.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa organización e a actividade que desenvolvan. | ▪ 2º trimestre | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE | ▪ PE<br>▪ APA | ▪ 30 % |
| | | | ▪ EEB6.2.2. Describe o funcionamento básico dos impostos que recaen sobre as empresas e destaca as principais diferenzas entre eles. | ▪ 2º trimestre | ▪ CCL<br>▪ CMCCT | ▪ PE<br>▪ APA | ▪ 50 % |
| | | | ▪ EEB6.2.3. Valora a achega que supón para a riqueza nacional a carga impositiva que soportan as empresas. | ▪ 2º trimestre | ▪ CSC | ▪ OA | ▪ 30 % |

| Economía da Empresa. 2º de bacharelato | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Competencias clave | Instrumentos de avaliación | Grao mínimo de consecución dos estándares |
| Bloque 7. A función financeira | | | | | | | |
| ▪ d<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B7.1. Estrutura económica e financeira da empresa.<br>▪ B7.2. Concepto e clases de investimento.<br>▪ B7.3. Valoración e selección de proxectos de investimento.<br>▪ B7.4. Fontes de financiamento interno e externo da empresa. Novas formas de financiamento.<br>▪ B7.5. Ciclos da empresa.<br>▪ B7.6. Período medio de maduración. | ▪ B7.1. Valorar proxectos de investimento, xustificar razoadamente a selección da alternativa máis vantaxosa, diferenciar as posibles fontes de financiamento nun determinado suposto e razoar a elección máis axeitada. | ▪ EEB7.1.1. Coñece e enumera os métodos estáticos (prazo de recuperación) e dinámicos (criterio do valor actual neto) para seleccionar e valorar investimentos. | ▪ 3º trimestre | ▪ CD<br>▪ CSIEE<br>▪ CMCCT | ▪ PE<br>▪ APA<br>▪ OA | ▪ 50 % |
| | | | ▪ EEB7.1.2. Aplica métodos estáticos (prazo de recuperación) e dinámicos (valor actual neto), nun suposto concreto de selección de alternativas de investimento para unha empresa. | ▪ 3º trimestre | ▪ CD<br>▪ CMCCT | ▪ PE<br>▪ APA<br>▪ OA | ▪ 50 % |
| | | | ▪ EEB7.1.3. Explica as posibilidades de financiamento das empresas diferenciando o externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada un e as implicacións na marcha da empresa. | ▪ 3º trimestre | ▪ CCL<br>▪ CMCCT | ▪ PE<br>▪ OA | ▪ 50 % |

| Economía da Empresa. 2º de bacharelato | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Competencias clave | Instrumentos de avaliación | Grao mínimo de consecución dos estándares |
| | | | ▪ EEB7.1.4. Analiza, nun suposto concreto de financiamento externo, as opcións posibles, os seus custos e as variantes de amortización. | ▪ 3º trimestre | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CMCCT | ▪ PE<br>▪ APA<br>▪ OA | ▪ 30 % |
| | | | ▪ EEB7.1.5. Analiza e avalía, a partir dunha necesidade concreta, as posibilidades que teñen as empresas de recorrer ao mercado financeiro. | ▪ 3º trimestre | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE | ▪ APA<br>▪ OA | ▪ 30 % |
| | | | ▪ EEB7.1.6. Valora as fontes externas e internas de financiamento da empresa. | ▪ 3º trimestre | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE | ▪ PE<br>▪ OA | ▪ 50 % |
| | | | ▪ EEB7.1.7. Analiza e expresa as opcións financeiras que mellor se adaptan a un caso concreto de necesidade financeira. | ▪ 3º trimestre | ▪ CAA<br>▪ CMCCT | ▪ PE<br>▪ APA<br>▪ OA | ▪ 30 % |
| | | | ▪ EEB7.1.8. Aplica os coñecementos tecnolóxicos á análise e á resolución de | ▪ 3º trimestre | ▪ CD<br>▪ CMCCT | ▪ APA | ▪ 10 % |

| Economía da Empresa. 2º de bacharelato | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Competencias clave | Instrumentos de avaliación | Grao mínimo de consecución dos estándares |
| | | | supostos. | | | | |
| | | | ▪ EEB7.1.9. Identifica e describe os ciclos da actividade da empresa e as súas fases. | ▪ 3º trimestre | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE | ▪ PE<br>▪ OA | ▪ 50 % |
| | | | ▪ EEB7.1.10. Calcula, para un determinado suposto práctico, os períodos de maduración da empresa, e distingue as súas fases. | ▪ 3º trimestre | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CD | ▪ PE<br>▪ APA<br>▪ OA | ▪ 50 % |

## 7. Metodoloxía

En liñas xerais a metodoloxía seguirá as seguintes premisas:

1. Promoverase o **traballo autónomo do alumnado**, que será o protagonista do proceso de ensino-aprendizaxe. O papel dos docentes estará orientado cara á mediación entre os coñecementos e as capacidades e os intereses de cada alumno.

2. A participación dos estudantes contribuirá a **desenvolver e consolidar os seus hábitos de estudo e traballo**, favorecendo a tolerancia, a participación e o diálogo, todos eles valores comúns dunha sociedade plural que se preparan para o exercicio dunha cidadanía activa e democrática.

3. Os contidos traballaranse dende un **enfoque práctico**, centrado na observación da realidade baixo un prisma económico-empresarial. No estudo da realidade, é necesario partir dos coñecementos e ideas previas dos estudantes para, despois dunha análise racional, científica e crítica dos procesos e feitos económicos observados na realidade, conseguir construír novas aprendizaxes.

4. En paralelo, a materia Economía ofrece unha excelente oportunidade para **mellorar as técnicas de investigación**, que se levarán a cabo no desenvolvemento de diferentes traballos. **Os traballos a realizar tratarán de ter un enfoque investigador** e tratarán de mellorar e **traballar a totalidade das competencias clave** en cada un deles, sempre que sexa posible. Para a meirande parte dos bloques de contidos farase un cuestionario sobre casos prácticos de empresas.

5. As **estratexias metodolóxicas** que se van empregar, escollidas segundo os obxectivos perseguidos, poden asimilarse ás seguintes:

- <u>Estratexias expositivas</u>: os contidos presentaranse dun xeito claro e coherente cos coñecementos previos dos estudantes, apioándose en esquemas, mapas conceptuais, presentacións informáticas ou outros.

- <u>Estratexias de investigación</u>: permitirán desenvolver a capacidade de análise a través da resolución de exercicios tipo ABAU e a través do desenvolvemento de cuestionarios para que os estudantes resolvan e saquen as conclusións pertinentes. Os cuestionarios deberán ser entregados ó profesor a través da Aula Virtual e a resolución de exercicios porase en común durante as clases..

## 8. Atención á diversidade

É conveniente responder a diversidade de intereses, motivacións, capacidades e estilos de aprendizaxe que manifestan os alumnos. É necesario, entón, ter en conta os diferentes estilos de aprendizaxe dos estudantes e tomar as medidas adecuadas para abordar esta diversidade.

Responder a esta diversidade non é unha tarefa fácil, pero é necesaria, xa que a intención última de calquera proceso educativo é garantir que todo o alumnado sexa capaz de adquirir as aprendizaxes imprescindibles.

En primeiro lugar e partindo do informe do Departamento de Orientación sobre determinados estudantes, estableceranse as medidas que se consideren necesarias e oportunas para estes alumnos/as; ademáis informaremos ó Departamento de Orientación se se detectan estudantes que carecen de informe previo pero nos que se detectan necesidades educaticas salientables que requiran dun informe do mesmo Departamento e que aconsellen implementar medidas específicas.

Calquera medida sempre tomarase de acordo ós informes recibidos dende o Departamento de Orientación e en coordinación co profesorado doutras materias.

En segundo lugar intentarase, na medida do posible, motivar e reforzar aos que presentan maiores dificultades para a comprensión e estudo da materia, así como fomentar e satisfacer as demandas de quen, pola contra, precisa un maior afondar no estudo do mesmo ou desexar ampliar os seus coñecementos.

A través da selección de actividades, o uso de materiais apropiados e a extensión ou reforzo de contidos en cada caso, intentaremos satisfacer a diversidade que poida haber na aula.

Durante todo o ano, as actividades de recuperación fixaranse periodicamente:

- *As actividades de recuperación* e apoio encaminaránse fundamentalmente ó asentamento de conceptos mínimos necesarios para poder seguir o desenvolvemento da unidade didáctica: cadros conceptuaies, esquemas ou resumos dos temas tratados, que serán elaborados na aula.

  En algunhas unidades, as actividades de apoio consistirán na realización de exercicios prácticos que sirvan de reforzo, ademáis de cuestionarios e canles de comunicación telemáticas. Todas estas tarefas faranse a través da aula Virtual

- *As actividades de ampliación* consistirán en traballos de investigación, exercicios de maior nivel de complexidade ou lectura de artigos e textos con preguntas adxuntas ou outras actividades semellantes. Todas estas actividades faranse a través da aula Virtual..

Coas actividades de recuperación-ampliación, atendemos non só a alumnado que presenta problemas no proceso de aprendizaxe, senon tamén a aqueles que alcanzaran no tempo previsto os obxectivos propostos.

## 9. Materiais e recursos didácticos

En Economía da Empresa de 2º de bacharelato o profesor proporcionará os apuntamentos ó alumnado. Así mesmo, o alumnado debe ter un caderno de traballo ou un gabinete de ficheiros onde o alumno tomará notas, realizará esquemas resumidos e responderá ás cuestións e actividades propostas.

Utilizaranse esquemas explicativos e mapas conceptuais, gráficos e, en xeral, toda a documentación preferentemente dixital que se precise para o desenvolvemento das clases.

A plataforma virtual utilizarase como ferramenta básica de comunicación entre o alumnado e o profesor, de xeito que a través dela podes descargar documentación da materia,, engadir ligazóns de interese, achegar presentacións ou realizar e entregar tarefas (traballos), resolver cuestionarios, entre outras. Por elo é fundamental á matriculación de todo o alumnado durante os primeiros días do curso.

Para levar a cabo estes traballos é importante poder acceder a un ordenador con conectividade a Internet. Neste sentido, na enquisa da avaliación inicial se lle preguntará ó alumnado se dispón de distos medios.

## 10. Actividades complementarias e extraescolares

Plantéxase a visita a cidade de Porto de un ou dous días de duración, visita ó seu sector empresarial e a Bolsa de Valores, sempre que se cumplan certas premisas:

1. Calquera actividade complementaria ou extraescolar debe complementarse coa elaboración dun traballo que permita un mellor aproveitamento da visita.
2. Será fundamental a interdisciplinariedade da actividade coa colaboración interdepartamental co fin de optimizar os recursos económicos do Centro e/ou do alumnado e as horas deste alumnado fora da aula, ademáis de favorecer a relación de contidos entre as distintas materias. Neste sentido a visita a cidade de Porto pode

completarse con outras actividades relacionadas con departamentos como Matemáticas, Lingua e Literatura Galega, Ciencias Sociais (Historia da Arte e Xeografía), entre outros.

3. A visita non debe supor un estrés adicional na disponibilidade de tempo lectivo, un recurso escaso nun curso coma 2º Bacharelato, polo que para poder realizarse dita actividase non deberían ter un exceso de actividades complementarias organizadas por outros Departamentos.
4. A ausencia de condicionantes sanitarios ou semellantes.
5. Valorarase o comportamento xeral do grupo para que a visita se desenvolva con éxito.

Plantéxase tamén a participación de alumnado do curso nas olipmiadas de Economía, previstas para o mes de abril.

## 11. Avaliación

### 11.1 Procedementos e instrumentos da avaliación:

A avaliación entenderase como un proceso continuo, o que implica que teña lugar en diferentes momentos:

- A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras sesións do curso co fin de coñecer a situación de partida do alumnado e así axustar a programación ao detectado.

  O deseño seguirá a seguinte estrutura:

  1. Situación xeral e emocional do alumnado.
  2. Intereses na materia, nivel de coñecementos previos e nivel comptencial
  3. Habilidade dixital e dispoñibilidade ordenador con conectividade en horario non lectivo
  4. Capacidade de traballo en equipo e aprendizaxe cooperativo
  5. Actitude xeral de cara o curso

  A avaliación inicial farase principalmente a través dun cuestionario de avaliación inicial desenvolvido na aula e a partires da información recabada do curso 2021-22, así coma outra información relevante obtida na aula durante os primeiros días do curso.

- A avaliación do proceso ten un carácter formativo e permite avaliar o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe mediante unha recollida continua e sistemática de datos. Farase de acordo coa explicación diaria dos contidos, a través dun amplo repertorio de resolución de problemas tipo ABAU que o alumno desenvolverá ó longo do curso.

  Ademais, revisaranse e valoraranse os seguintes aspectos:

  - Se os contidos foron tratados con profundidade adecuada.

  - Se os obxectivos fosen asequibles.

  - Se a metodoloxía e os medios fosen adecuados.

- A avaliación final ten un carácter sumativo, xa que sintetiza a información máis relevante que se recolleu durante a avaliación continua (da que forma parte) para facer unha valoración global dos resultados ao final de cada período de formación. Tratará de darnos o grao de consecución dos obxectivos por parte do alumno e adquisición das competencias clave. Celebrarase ao final de cada trimestre e proporcionaranos a nota do alumno.

Utilizaranse os seguintes instrumentos de avaliación como:

- Uso de probas escritas específicas (PE): trátase de medir os resultados do proceso de ensino-aprendizaxe. As probas teñen condicións estándar para todos os estudantes. Cada pregunta indica a súa puntuación máxima. Faranse dúas ou tres probas escritas por avaliación.

  Nas citadas probas avaliarase o progreso do alumno na súa capacidade para a precisión e capacidade de síntese nas respostas a preguntas curtas, a elaboración de reflexións e valoracións ben argumentadas e razoadas, o uso correcto da linguaxe económica e financeira do tema, a redacción, a presentación e a correcta ortografía ou a resolución de exercicios mediante análise gráfico e matemático.

- Análise das producións do alumno (APA). Neste sentido valorarase o plantexamento feito polo alumnado dos distintos exercicios propostos, o uso adecuado de ferramentas matemáticas, a correcta expresión escrita (presentación, ortografía e redacción), a comprensión (respostas precisas e ben argumentadas, relación cos contidos vistos ata a data), entre os aspectos máis relevantes.

- Observación sistemática do alumno na aula (OA): valórase a iniciativa e a participación activa e positiva dos alumnos/as, tanto na aula como na aula Virtual e o traballo nos

exercicios propostos na clase. Esta avaliación pretende lograr que o alumno participe activamente (presenciais ou virtuais), presente as súas opinións e ideas, valoren as dos demais como fonte de enriquecemento persoal, etc.

**11.2 Criterios de calificación.**

Os criterios de calificación son os seguintes:

- Probas específicas escritas (90%). Se calculará como a media das probas escritas realizadas en cada avaliación. Advírtese que no caso en que o alumno/a sexa apercibido por estar copiando, obterá una calificaicón de 0 puntos na proba específica correspondente.
- Análise das produccións do alumnado (5%): Traballos individuais ou cuestionarios/leccións entregados ó final de cada avaliacvión
- Observacións na aula (5%): Intervencións na aula a través da resolución de caso prácticos ou participación na propia aula

A suma das diferentes notas aplicadas as porcentaxes correspondentes formará unha nota numérica que oscilará entre o 1 e o 10.

Para obter unha nota positiva da materia en cada avaliación será necesario obter unha puntuación global superior a 5 como resultado da aplicación das diferentes porcentaxes mencionadas anteriormente.

Aqueles estudantes que non superasen a avaliación serán examinados nunha proba escrita de recuperación. A proba presentará o mesmo formato que as realizadas durante a avaliación. A cualificación obterase facendo a media ponderada da nota desta proba coa nota xa obtida na devandita avaliación na análise de producións e observacións na aula, segundo a porcentaxe estiupulada nos párrafos anteriores en función dos escenarios previstos. Entenderase que o alumno recuperou a avaliación cando a nota sexa superior a 5

A cualificación da avaliación final realizarase calculando a media aritmética das tres avaliacións. O alumno/a superará a materia sempre e cando a media das tres avaliacións sexa superior a 5.

<u>Avaliación extraordinaria</u>

Aqueles estudantes que non obtivesen unha nota positiva na avaliación ordinaria do mes de maio (previsiblemente) terán a opción dunha nova proba escrita específica sobre aqueles

bloques de contidos non superados. Esta proba realizarase o día asignado por Xefatura de Estudos para este fin e presentará o mesmo formato que as probas realizadas durante as avaliacións.

Entenderase que o alumno/a superou a materia ao obter unha puntuación positiva igual ou maior que 5.

Se non supera a materia, quedará pendente para o próximo curso escolar.

## 12. Seguimento e avaliación do proceso ensinanza-aprendizaxe

Dado que a avaliación tamén se debe realizar do proceso de ensino e da propia programación, os instrumentos de avaliación neste caso serán:

- Avaliación conxunta cos estudantes sobre os diferentes aspectos da programación.
- A adaptación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado.
- A aprendizaxe acadada polos alumnos.
- As medidas de atención á diversidade aplicadas no centro.
- A utilización dos recursos do centro.
- Procedementos de avaliación do alumnado.
- O material curricular, que terá en conta o uso, a actualización, se respondeu ás expectativas, etc.

Así mesmo, polo menos dúas veces ó trimestre, na reunión do Departamento farase constancia do seguimento da programación. Propóñense os seguintes elementos para avaliar o desenvolvemento e cumprimento da programación.

| ASPECTOS A VALORAR | Valoración | Propuestas de mejora |
|---|---|---|
| 1. Grado de adquisición dos estándares por parte do alumnado<br>2. Distribución temporal dos contidos | | |
| 3. Validez dos procedimentos, instrumentos de avaliación e criterios de calificación aplicados. | | |
| 4. Eficacia de la metodoloxía. | | |
| 5. Validez dos recursos didácticos e os materiais curriculares. | | |
| aplicadas. | | |
| 7. Desenvolvemento, no seu caso, dos programas e proxectos en que participe o Departamento. | | |
| 8. Desenvolvemento das TIC na práctica docente. | | |

Todos os mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora constarán nas actas do Departamento de Economía, unha vez feita a análise dos mesmos.

En Coruxo, a 20 de novembro de 2022

RODRIGUEZ HERMIDA FELIPE DAVID - 36132950L

Firmado digitalmente por RODRIGUEZ HERMIDA FELIPE DAVID - 36132950L
Fecha: 2022.11.20 22:47:14 +01'00'

Felipe David Rodríguez Hermida

Xefe de Departamento de Economía